



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 03 DE XUÑO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 3 de xuño de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ  
D<sup>a</sup> RAQUEL FONDO PÉREZ

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO  
**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup> LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 20-05-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización:

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **Non constan**

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: Proposta de Urgencia. **Modificación do proxecto MELLORA DOS CAMIÑOS DO NÚCLEO DOS ÁNxeLES, incluído no POS+2020.**

Primeiro compre aprobar a urxencia da sá inclusión na orde do día. Sométese a votación e queda acreditada a urxencia por unanimidade.

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN**



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

## ANTECEDENTES

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2020 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96, do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove (25/10/2019), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+2020>> (BOP número 208 do 31 de outubro de 2019).

Tendo en conta o proxecto de Mellora dos camiños do núcleo dos Ánxeles, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Colexiado 22.992, que pertence a empresa Estudio Técnico Gallego, en novembro de 2019, por un importe de 70.577,92 euros máis 14.821,36 €, facendo un total de 85.399,28.

Tendo en conta o informe técnico do arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do 9.12.2019, de compatibilidade urbanística e necesidade de afeccións sectoriais no que se indica: "As obras a realizar encóntranse dentro dos contornos de protección do Patrimonio Arquitectónico: Capela dos Ánxeles (1.3) e Cruceiro en Os Anxos (2.7), catalogados por Patrimonio polo que a xuízo do técnico que subscribe faise preciso a autorización de este Organismo para a súa execución."

Tendo en conta o informe técnico xurídico do 9.12.2019 acerca da dispoñibilidade dos terreos.

Tendo en conta que por acordo plenario do Concello de Ponteceso do 17.12.2019 aprobouse o proxecto de Mellora dos camiños do núcleo dos Ánxeles, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Colexiado 22.992, que pertence a empresa Estudio Técnico Gallego, en novembro de 2019, por un importe de 70.577,92 euros máis 14.821,36 €, facendo un total de 85.399,28.

Tendo en conta a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 4.05.2020, na que autorizan a intervención dacordo cos condicionantes que nela se especifican.

Tendo en conta o proxecto modificado de Mellora dos Camiños no núcleo dos Ánxeles, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Colexiado 22.992, que pertence a empresa Estudio Técnico Gallego, en maio de 2020, por un importe de 70.577,92 euros máis 14.821,36 €, facendo un total de 85.399,28.

Tendo en conta o informe técnico do arquitecto técnico do 2.06.2020

Tendo en conta o informe técnico xurídico do 2.06.2020.

Tendo en conta o establecido nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM do Concello de Ponteceso.

Vista a Resolución da Alcaldía número 374/2019, de 26 de xuño pola que se estipulan as delegacións de



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*competencias na Xunta de Goberno Local.*

*Vista a Resolución da Alcaldía número 283/2020, de 11 de maio, pola que se modifican as competencias delegadas na XGL pola Alcaldía por Resolución 374/2019.*

**PROPOÑO RESOLVER:**

1.- *Aprobar o proxecto técnico que integra o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020: Mellora dos Camiños no núcleo dos Ánxeles, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Colexiado 22.992, que pertence a empresa Estudio Técnico Gallego, en maio de 2020, por un importe de 70.577,92 euros máis 14.821,36 €, facendo un total de 85.399,28.*

2.- *Comunicar aos departamentos afectados.*

3. *Dar conta do acordo ao pleno na vindeira sesión que se celebre."*

**Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto técnico que integra o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020: Mellora dos Camiños no núcleo dos Ánxeles, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, Colexiado 22.992, que pertence a empresa Estudio Técnico Gallego, en maio de 2020, por un importe de 70.577,92 euros máis 14.821,36 €, facendo un total de 85.399,28.

**SEGUNDO.-** Comunicar aos departamentos afectados.

**TERCEIRO.-** Dar conta do acordo ao pleno na vindeira sesión que se celebre.

6.-Petición e aceptación de subvencións: **Non constan**

7. Escritos e comunicacións:

Sómete a votación a urxencia da inclusión do informe do TAX, quedando aprobada por unanimidade.

**INFORME DE ACTIVIDADE  
DECEMBRO 2017 ATA MAIO 2020**

**O T.A.X., COORDINADOR XERAL, do Concello de Ponteceso, en cumprimento da orde da alcaldía emite o presente**

**INFORME**

**1. ANTECEDENTES.**

No mes de decembro de 2017, trala petición do Sr. Alcalde á miña Administración de procedencia, incorpórome en comisión de servizos ao posto de Administrativo, desde o primeiro día se solicita á Dirección xeral de Administración Local o nomeamento como secretario accidental, ao estar vacante o posto, e desempeñando este cargo desde o nomeamento ata o 28-04-2020, data de toma de posesión da secretaría actual.

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Nos primeiros 30 días exercendo as funcións de secretario, analizo as carencias tanto organizativas como de persoal que existen na administración municipal, e entre outras emito un informe, rexistro de entrada núm. 007 de 02-01-2018 no que se propoñen a adopción de distintas medidas de cara á organización dos recursos dispoñibles, especialización do traballo, administración electrónica e outras carencias observadas, así o Sr. Alcalde o somete á consideración da Xunta de Goberno Local, á cal se lle da conta na sesión celebrada o día 09-01-2018, e así se prosegue dando conta das distintas actuacións, ademais das normais e do desempeño accidental da secretaría.

Consciente entre outras das carencias, e observando os repetitivos danos nos camiños e vías públicas municipais a consecuencia dos traballos forestais de talla de madeira, propónse e tramítase unha ordenanza non fiscal reguladora de estes traballos, tramítase a apróbese inicialmente, se ben polo recurso interposto pola patronal forestal de Galicia, estímase e derrógase a devandita ordenanza e tramítase unha nova, a actual, a cal, entre outros, cumpre os obxectivos, pero supoñendo unha importante carga de traballo, en canto á súa tramitación, debido ao alto número de expedientes. Ao igual ocorre coa xestión de biomasa, para o cal se tramitou e aprobou unha nova ordenanza non fiscal, a cal supón outra importante carga de traballo, ao cumprir o procedemento establecido na propia ordenanza e na Lei 39/2015.

Nestes dous anos e medio, débese salientar os difíciles comezos no ano de 2018, no que a entrada da Lei 9/2017, de contratos do sector público, supuxo a implementación da tramitación electrónica, coa carencia de só contar naqueles intres con só dúas auxiliares, personal laboral temporal, sen especialización algunha. Cumpríuse o obxectivo inicial e Ponteceso foi un dos primeiros concellos en utilizar a Plataforma de Contratación. E así seguindo o criterio da alcaldía impulsouse a contratación, e licitaronse todas as obras previstas no Orzamento Municipal, e outras que se iniciaron tralo modificativo do créditos, así xa cunha pequena organización do persoal, mediante a especialización, cumpríuse novamente o obxectivo en 2019, antes dos frenéticos meses preelectorais, e despois co inicio de importantes obras, como os campos de fútbol de O Pinguel e O Cairo.

Non se pode olvidar a importante carga de traballo que supuxo o regularizar todo pendente de obras, en decembro de 2017, con un atraso nalgún caso superior a dous anos, así como expedientes sancionadores, algún iniciado de oficio e algún outro, sen inicial, de denuncia dun particular, como o caso da usurpación da rúa dos Condes, en Corme, e que despois dunha longa tramitación, garantista, encóntrase recorrido no contencioso administrativo, así como a medida de execución subsidiaria, suspendida trala petición ao Xulgado de suspensión do interesado.

Tampouco se pode olvidar do traballo que nace día a día na vida municipal de Ponteceso, como a da balea que varou en Balarés a finais de 2018 e que supuxo a adicación e o esforzo, así como a tramitación dos convenios dos parques eólicos, as licenzas posteriores do de Corme, e outros asuntos varios de moitos días de traballo e horas no expediente do Parque Empresarial de Tella e a petición ao SEPES, e tamén tanto o expediente tramitado para adxudicación da reforma integral do alumeadado público, subministro de enerxía e mantemento, que se suspendeu na fase de licitación ao estimar o TACGAL o recurso en materia de contratación interposto, pero non acabou así, posto que se retomou o expediente e solicitouse subvención ao IDAE, a cal foi concedida, e estase a licitar xa a redación do proxecto, para a posterior licitación da obra. Estase igualmente tramitando a externalización dalgúns servizos municipais, como o do Ciclo integral da auga, os axardinamentos, campos de fútbol, biosaudables e parques infantís. E tampouco é para olvidar o problema sanitario da auga en Corme, o cal consumeu moitas horas de traballo durante meses, contestación a denuncias, dar conta ao Pleno, aos medios, licitación de obras por urxencia, ata que a Alcaldía xa non o considerou prioritario, por ter cumprido o seu obxectivo.

Outra faceta na que se consumiron moitas horas foi nos procedementos selectivos de persoal, no que respectaron tódolos principios, publicidade, igualdade, mérito e capacidade, e tamén nos distintos procedementos xudiciais en materia social, relativos aos traballadores, contenciosos, e do penal, por numerosas denuncias interpostas contra a alcaldía, e que seguen a ocupar moitas xornadas e traballo continuo. A inexistencia de Inventario Municipal, de Plan de Protección de Datos, de RPT, levaron a facer propostas, recopilar documentación e elaborar os mesmos. Nesta data está aprobado e vixente o Plan de Protección de Datos, O Inventario está na fase final e a RPT está adxudicada e elaborándose desde hai un mes. A resolución da alcaldía de data 13 de marzo de 2020, sobre medidas pola emerxencia sanitaria do COVID e os Reales Decretos do Goberno posteriores, suspenderos os prazos administrativos, afectando

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

especialmente a contratación. Seguíuse a teletraballar desde o domicilio e levantouse a suspensión ao declarar a contratación servizo esencial, e neste intre están en licitación, coa documentación aberta do sobre a e b pola mesa de contratación, e nos procedementos de xestión de biomasa e protección dos camiños municipais levantouse a suspensión se seguíuse traballando nos existentes e dándolle inicio a outros iniciados tras os informes da policía local.

Queda por dicir que nesta data a Administración Electrónica de Ponteceso está nos primeiros postos de desenvolvemento e número de expedientes tramitados, abrangando a totalidade da actividade municipal. Isto conseguíuse despois de involucara todo o persoal das distintas áreas municipais, de deseñar procedementos e supervisar o seu emprego e incidir na súa utilización a cotío.

Deseguido vaise a dar conta da información que se foi facilitando á Xunta de Goberno Local nestes dos anos e cinco meses de desempeño accidental da secretaría, cumprindo así o ordeado pola alcaldía.

**2. ACTIVIDADE REALIZADA POR ANO E DA CAL SE LLE DABA CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE FORMA PERIÓDICA****2018****XGL 09-01-2018****Dar conta da Proposta de Secretaría sobre medidas administrativas e organizativas.**

Dáse conta do informe emitido polo secretario accidental, rexistro núm. 0007 de 02-01-2018, no que se analiza o traballo realizado durante o mes de decembro pasado, os expedientes pendentes de iniciar, os que se están a tramitar, así como certas carencias que se observan na estrutura organizativa e a necesidade de implantación da administración electrónica. No mesmo conclúese que para poder dar cumprimento ao legalmente establecido na Lei 39/2015 e Lei 40/2015 é preciso reorganizar o persoal e poder contar con personal auxiliar para acometer a tramitación de expedientes pendentes, actualizar o Inventario de Bens e as súas rectificacións, o procedemento do rexistro municipal e outros procedementos. Os membros da Xunta de Goberno Local estiman procedente a proposta e quedan informados.

**Dar conta das Bases para a selección de dos auxiliares administrativos, por acumulación de tarefas (Art. 10.d) do RDL 5/2015).**

Pola Alcaldía dáse conta do borrador das bases para a selección de dous auxiliares administrativos, funcionarios interinos, por unha duración máxima de seis meses, por acumulación de tarefas, ao abeiro do establecido no art. 10.d do RDL 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado Público. Os membros da Xunta de Goberno Local estiman procedente a proposta e quedan informados.

**Dar conta da situación de vacante no posto de traballo de arquitecto técnico municipal, por motivo da xubilación do titular.**

Dáse conta da xubilación do arquitecto municipal D. Andrés Breijo causada o día 20 de decembro de 2017, neste intre non se conta con técnico para realizar as funcións encomendadas a este posto de traballo, tal como reflicte o informe de secretaría tratado no punto 1º existe a necesidade de cubrir o mesmo, de carácter transitorio, mentres no se cubra o posto de traballo por medio de proceso selectivo. Por iso, a concelleiro delegado de Infraestructuras, Urbanismo e Festa propón a contratación dunha asesoría externa polo período máximo de dez meses, como contrato menor por razón do seu importe, e durante este período tramitar a provisión do posto vacante por medio do correspondente proceso selectivo. Dáse conta do informe de intervención que obra no expediente. Os membros da Xunta de Goberno Local estiman procedente a proposta e quedan informados.

**Dar conta do expediente de expediente de contratación da obra "Subministro de auga a Tallo".** Pola Alcaldía expónse a necesidade da contratación da obra "Subministro de auga a Tallo", polo procedemento negociado sen publicidade, de carácter urxente. A seca que padeceu Galicia neste último ano levou a




**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

decretar pola Xunta de Galicia a situación de alerta, mantendo neste intre a sobredita situación a pesares da choiva caída no último mes, e na Parroquia de Tallo algunhas vivendas, granxas, e tamén a escola unitaria, tiveron problemas co subministro de auga potable, así como tamén a escola tivo tres inspeccións da Consellería de Educación, que remataron no levantamento de actas, as dúas primeiras por falta do subministro e a terceira pola potabilidade da auga. Por todo isto motívase a súa urxencia. Dáse conta do proxecto técnico e documentación do expediente. Os membros da Xunta de Goberno Local estiman procedente a proposta e quedan informados.

**Dar conta da tramitación do expediente de contratación do servizo “Externalización do Servizo de Axuda a Domicilio”.**

Pola Alcaldía expónse a necesidade de proceder á externalización do servizo de axuda a domicilio. Na actualidade estase a prestar directamente polo persoal con que conta o concello, tendo a súa xestión directa numerosas complicacións, hai que salientar que as baixas, vacacións e substitucións estanse a cubrir por medio dunha empresa externa, como contrato menor, con motivo da súa reiteración ao longo do tempo leva á Intervención a presentar reparos nos expedientes de aprobación de gasto, polo que é necesario para logar unha correcta xestión do servizo, tanto libre concorrencia como a dependencia, externalizar o servizo, e para iso tramítase o expediente de contratación. Dáse conta do informe de intervención que obra no expediente. Os membros da Xunta de Goberno Local estiman procedente a súa tramitación, modificar o borrador segundo o sinalado pola Intervención no seu informe, e así contemplar unha duración máxima do servizo de dos anos máis un, é dicir tres, como duración máxima do contrato, así como os outros aspectos sinalados, modificando as respectivas cláusulas dos pregos. Ao ser competencia do Pleno, por razón do seu importe, cando se teña ultimado o expediente incluírase na convocatoria do mesmo, previo o seu ditámen pola Comisión Informativa. Quedan informados.

**Borrador ordenanza reguladora da Talla e Plantación de Masas Arbóreas.**

Dáse conta do expediente tramitado para regular a talla e plantación de masas arbóreas no término municipal. Neste concello téñese en vigor unha ordenanza municipal que regula a taxa por depósito de carga e transporte de madeira de corta. A mesma non ten os resultados pretendidos e estímase que procede a súa modificación ou derogación, por outra que contemple as distancias mínimas das plantacións de arborado e tamén o procedemento das autorizacións para a talla, depósito e transporte, que contemple todos os trámites dende a solicitude ata a autorización, e condicións da mesma, establecendo a obrigatoriedade da constitución de depósito, metálico ou aval, para garantir a limpeza das vías públicas municipais, así como a reposición dos posibles danos que se ocasionan con motivo da execución dos traballos. Polo concelleiro D. José M. Pose Verdes salientase a posibilidade de establecer a posibilidade que o madeirista realice un depósito único que cubra a reposición dos posibles danos polos traballos que execute no término municipal, polo período máximo que se determine, anual ou bianual. Ao ser competencia do Pleno, cando se teña ultimado o expediente incluírase na convocatoria do mesmo, previo o seu ditámen pola Comisión Informativa.

**XGL 29-01-2018**

**DACIÓN DE CONTAS DE DIVERSOS ASUNTOS MUNICIPAIS.-** Dáse conta pola Alcaldía de diversas resolucións de expedientes municipais, dende a última sesión, correspondente á celebrada o día 9-1-2018:

- Obra “Rede de Abastecemento de auga a Tallo”, aprobouse pola resolución da alcaldía de data 16-01-2018 o expediente de contratación e o gasto, o cal tramitarase polo procedemento negociado sen publicidade, cun orzamento máximo de execución de 104.893,25, lve excluído, e para o cal se cursou invitación de participación ás empresas Jardinería Arce, SL; Construcciones López Cao, SL; e Canarga, SL.
- Obra “Rexeneración urbana e humanización da Praza do Recheo, 1 fase”, adxudicouse pola resolución da alcaldía, consonte á proposta da mesa de contratación, á empresa Construcciones Vázquez y Reino, SL, no prezo de 161.090,00 euros, lve excluído.
- “Servizo de asistencia técnica urbanística”, adxudicouse pola resolución da alcaldía de data 16-01-2018 o contrato menor á empresa Fernández Carballada y Asociados, SLP, no prezo de


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

1.790,00 euros mensuais, IVE excluído, con unha duración máxima de 10 meses, condicionada á provisión do posto vacante de arquitecto técnico municipal

- Subministro "Vehículo compactador de residuos sólidos urbanos", adjudicouse pola resolución da alcaldía de data 22-01-2018, consonte á proposta da mesa de contratación á empresa Renault Trucks España no prezo de 109.500,00 euros, IVE excluído.

**APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR"**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Logo de ver o expediente tramitado para a externalización do servizo de Axuda no Fogar, o cal se considera prioritario para non dilatar no tempo a situación actual pola que atravesamos o mesmo, para poder dar cobertura ás baixas, vacacións, ausencias do persoal adscrito ao mesmo, e tendo en conta as demandas de novos usuarios, e que son continuos os reparos da Intervención aos pagamentos derivados da súa prestación por empresa externa, por todo isto considérase a conveniencia da contratación do servizo, para o que se completou o expediente, no que se inclúen, entre outros, os informes dos servizos sociais, pregos de prescricións técnicas y cláusulas administrativas, informes de intervención e secretaría.

Por todo isto, elévase á Xunta de Goberno Local, ao ter delegada a competencia plenaria polo acordo de delegación de data 16-07-2015, a seguinte

**PROPOSTA**

**Primeiro.-** Considerar, en cumprimento do establecido no artigo 22 do TRLCSP, que a celebración do presente contrato xustifícase en mellorar o servizo de axuda no fogar, ofrecer mellores prestacións aos usuarios, e dar unha cobertura do servizo a máis usuarios dos actuais. Por conseguinte a celebración do presente contrato pretende dar resposta ás demandas dos usuarios do servizo e mellorar ás súas prestacións, considerando idóneo o obxecto do contrato de cara a obter un beneficio para a poboación das diversas parroquias do municipio.

**Segundo.-** Aprobar o expediente de contratación tramitado a tales efectos, e en concreto, como documentos integrantes do mesmo o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

**Terceiro.-** Prestarlle aprobación ó gasto con cargo á partida 2018.231.227.99, polo importe de 529.099,49 euros, máis 23.915,06 de IVE.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, cun prezo máximo de licitación de 529.099,49 euros, e 23.915,06 de IVE, para o que se publicará o anuncio de licitación no BOP, Perfil do contratante e taboleiro de anuncios, outorgando un prazo de quince días naturais ao obxecto de que as empresas interesadas poidan presentar as súas ofertas.

A Comisión de Facenda e Asuntos Económicos na sesión celebrada o día 23-01-2018 ditaminou favorablemente a proposta de acordo, co voto en contra da concelleira Sra. Durán Mato e co voto favorable dos restantes membros presentes.

Polo que o Alcalde, ao ser esta unha competencia delegada polo Pleno a favor da Xunta de Goberno Local, segundo o acordo de data 16-07-2015, somete a votación a proposta de acordo, co ditamen favorable da Comisión de Facenda e Asuntos Económicos, e

a Xunta de Goberno Local aproba por unanimidade a proposta e ACORDA:

**Primeiro.-** Considerar, en cumprimento do establecido no artigo 22 do TRLCSP, que a celebración do presente contrato xustifícase en mellorar o servizo de axuda no fogar, ofrecer mellores prestacións aos usuarios, e dar unha cobertura do servizo a máis usuarios dos actuais. Por conseguinte a celebración do presente contrato pretende dar resposta ás demandas dos usuarios do servizo e mellorar ás súas prestacións, considerando idóneo o obxecto do contrato de cara a obter un beneficio para a poboación das diversas parroquias do municipio.

**Segundo.-** Aprobar o expediente de contratación tramitado a tales efectos, e en concreto, como documentos integrantes do mesmo o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

**Terceiro.-** Prestarlle aprobación ó gasto con cargo á partida 2018.231.227.99, polo importe de 529.099,49 euros, máis 23.915,06 de IVE.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, cun prezo máximo de licitación de 529.099,49 euros, e 23.915,06 de IVE, para o que se publicará o anuncio de licitación no BOP, Perfil do contratante e taboleiro de anuncios, outorgando un prazo de quince días naturais ao obxecto de que as empresas interesadas poidan presentar as súas ofertas.

**DACIÓN DE CONTA A XGL**
**A. CONTRATACIÓN.**
**F.1 OBRAS**

1. "Rexeneración e humanización do contorno da Praza do Recheo", adxudicada a C. Vázquez y Reino, SC, prezo 194.918,80 IVE incluído, en execución.
2. "Protección e mellora do medio natural: Muiño Rego das Bouzas", adxudicada a Jardinería Arce, SL, no prezo de 35.069,68 IVE incluído, en execución.
3. "Posta en valor do núcleo de Cores", adxudicada a Fermín Sinal SL no prezo de 43.553,95 IVE incluído, en execución.
4. "Ponte da Garga", adxudicada a C. D. Ogando, SL, no prezo de 142.607,60 IVE incluído, executada, acta de recepción.
5. "Rede de Subministro de auga a Tallo", rematada a licitación, a mesa de contratación eleva a proposta de adxudicación a prol de Construcciones López Cao, SL, no prezo de 104.400 máis IVE, en fiscalización.

**F.2 SUBMINISTROS**

1. "Adquisición dun vehículo compactador de R.S.U.", adxudicado a Renault Trucks España no prezo de 123.203 máis IVE, en execución.

**F.3 SERVIZOS**

1. "Servizo de Axuda no fogar", orzamento de licitación 529.099,49 máis IVE, en licitación, valoración de ofertas presentadas.

**F.4 CONTRATOS MENORES**
**F.4.1. OBRAS**

1. "Acondicionamento ximnasio", prezo 49.501,17 máis IVE, adxudicado a Viraxes SL, en execución.
2. "Renovación da rede de pluviais no P.E. de Tella", 49.999,99 máis IVE, Adxudicado a Carlos M. Martínez Calvo, en execución.

**F.4.2 SERVIZOS**

1. "Servizo Asistencia Técnica Urbanística", adxudicado a Fernández Carballada y Asociados, SCP, no prezo de 17.800 máis IVE.
2. "Asistencia técnica GES", adxudicado a Consultora Natutechnia, SL, no prezo de 16.500 máis IVE.
3. "Servizo de asistencia xurídica", adxudicado a Antas Hernández, SCP, no prezo de 17.500 máis IVE.
4. "Asistencia Comunicación", adxudicado a Cristina María Abelleira Martínez, no prezo de 7.200 máis IVE.

**XGL 28-05-2018**
**ADXUDICACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO**

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29-01-2018 no que se aprobou o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar e se dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, cun prezo máximo de licitación de 529.099,49 euros máis 23.915,06 de IVE e se prestou aprobación ao gasto con cargo á partida orzamentaria 2018.231.227.99.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Logo de ver as actas das reunión da mesa de contratación de todo o procedemento, en especial a celebrada o día 06-03-2018 na que se admiten ás empresas presentadas e se exclúe a TU MAYOR AMIGO, SL, por non incluír no sobre A a documentación esixida na cláusula 12.2 do PCA, consonte á interpretación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, Informes 37/97, 44/97 e 48/02, ao non considerar como subsanable a omisión de toda a documentación, agás a declaración responsable Anexo II.

Logo de ver a acta da mesa de contratación de data 07-05-2018 na que se acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar a prol da oferta considerada como economicamente máis vantaxosa no seu conxunto que se corresponde coa de ATENDO CALIDADE, SL, no prezo de 431.352,24 euros, máis IVE, con suxeición ao establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e ás condicións da súa proposta.

Logo de ver o informe da Intervención de data 10-05-2018 no que se fiscaliza de conformidade a fase de adxudicación do contrato de servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso polo importe de 431.352,24 euros (IVE excluído).

Logo de ver a reclamación presentada por D. Ventura Bretal Bazarra, en nome e representación de SON A TUA AXUDA S.L., relativo á solicitude de revisión das ofertas presentadas no proceso de licitación do servizo de axuda no fogar, ao considerar non xustificada a oferta presentada por Atendo Calidade, S.L., e os informes de Intervención de data 15-05-2018 e de Secretaría de data 16-05-2018 nos que se propón a desestimación da reclamación, por considerar axustada a dereito e motivada a proposta de adxudicación realizada pola mesa na data de 07-05-2018.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación do contrato é o Pleno do Concello, o cal polo acordo de 16-07-2015 delegou a competencia na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, pola delegación conferida polo Pleno na sesión celebrada o día 16-07-2015, e logo de ver o ditamen favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade,

#### ACORDA:

**Primeiro.-** Excluír do procedemento á empresa TU MAYOR AMIGO, SL, por non incluír no sobre A a documentación esixida na cláusula 12.2 do PCA, consonte á interpretación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, Informes 37/97, 44/97 e 48/02, a considerar como non subsanable a omisión de toda a documentación, agás a declaración responsable Anexo II.

**Segundo.-** Desestimar a reclamación presentada por D. Ventura Bretal Bazarra, en nome e representación de SON A TUA AXUDA S.L., relativo á solicitude de revisión das ofertas presentadas no proceso de licitación do servizo de axuda no fogar, ao considerar non xustificada a oferta presentada por Atendo Calidade, S.L., logo de ver os informes de Intervención de data 15-05-2018 e de Secretaría de data 16-05-2018 nos que se propón a desestimación da reclamación, por considerar axustada a dereito e motivada a proposta de adxudicación realizada pola mesa na data de 07-05-2018.

**Terceiro.-** Adxudicar, consonte á proposta da Mesa de Contratación de data 07-05-2018 na que se acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso, á oferta considerada como economicamente máis vantaxosa no seu conxunto que se corresponde coa de ATENDO CALIDADE, SL, no prezo de 431.352,24 euros, máis IVE, con suxeición ao establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e ás condicións da súa proposta.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde, para que en nome e representación do concello formalice o contrato administrativo e realice as xestións necesarias para a executividade do presente acordo.

**Quinto-** Notificar á empresa adxudicataria, e a todas as presentadas, este acordo, e publicalo no Perfil do Contratante e no BOP.

## Proposta de Modificación da Base de Execución do O.M. número 25.

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

De acordo co artigo 5 do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril Corresponde ao Alcalde a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeición aos criterios que no seu caso establecese o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril. A base 25ª das de execución do Orzamento de exercicio 2017, prorrogado para 2018, regula unicamente as gratificacións e horas extraordinarias e ademais faino de forma sucinta e sen establecer criterios e valores económicos para a asignación do complemento de produtividade.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención.

En virtude do exposto e coa finalidade de que a asignación de productividades e gratificacións quede perfectamente definida,

**PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Modificar a base 25ª das de execución do Orzamento de exercicio 2017, prorrogado para 2018 de forma que o seu literal sexa o que segue:

**“Base 25ª.- Productividade e gratificacións:**

#### **A.- O complemento de produtividade.**

*O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sempre que redunden en mellorar o resultado do mesmo. A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e o desempeño do mesmo e, no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente servizo ou programa municipal. Os procedementos de avaliación están suxeitos aos principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación.*

*O Alcalde, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e os criterios fixados a continuación, asignará o complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:*

#### **A. Primeira: Especial rendemento**

*A avaliación do rendemento ten por obxecto a valoración do cumprimento de obxectivos, así como a implicación e contribución do empregado público na consecución dos mesmos. Relaciónase directamente con:*



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

- *Identificación co traballo e os obxectivos marcados na súa unidade organizativa e demostración de interese e colaboración na súa realización*
- *Execución dos traballos e resolución de problemas con inmediatez, optimizando medios e recursos empregados*
- *Adecuado emprego do tempo con resultados prácticos cuantificables Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.*

### A. **Segunda: Actividade e dedicación extraordinaria**

*A avaliación da actividade extraordinaria ten por obxecto a valoración dos seguintes aspectos:*

- *Colaboración. Actitude positiva de colaboración plena coa alcaldía, concellería delegada e/ou con superiores xerárquicos; nivel de intensidade, ritmo de traballo ou nivel de calidade do resultado do traballo por encima do esixible no seu posto.*
- *Actividades extraordinarias. Actitude positiva ante as necesidades de actividades extraordinarias e que se manifesta nun esforzo adicional ante a necesidade de terminar tarefas declaradas urxentes pola alcaldía, concellería delegada e/ou superiores xerárquicos. Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.*

### A. **Terceira: interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo**

*A avaliación do interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo ten por obxecto a valoración da calidade dos traballos efectuados (corrección, rigor, exactitude, boa presentación, etc.) así como a calidade das propostas formuladas en orde a conseguir unha mellor organización do traballo (ordenación de efectivos asignados ao departamento, simplificación de trámites e/ou tarefas, ect.) Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.*

### A. **Cuarta: Substitución dun posto de traballo, cando hai nomeamento e asúmense todas as funcións:**

*Cando por diferentes causas prodúzanse substitucións de postos de traballo de superior categoría profesional autorizada, e aprobado mediante Decreto de Alcaldía ou Órgano competente, indemnizarase, a partir do primeiro día, cun Complemento de Produtividade na cantidade resultante das diferenzas do complemento de destino e complemento específico do posto de traballo que efectivamente desempeña o funcionario e as do posto para o que foi nomeado con carácter accidental. Así mesmo o cesamento será comunicado polo mesmo procedemento e a mesma xefatura que autorizou dita substitución. No caso particular do desempeño accidental da Tesourería e visto que no anexo de persoal do Orzamento do exercicio 2017 non consta referencia á citada praza, tomaranse en consideración os importes de complemento de destino e específico que figuran no anexo de persoal do Orzamento do exercicio 2015 (último exercicio con reflexo orzamentario da praza de Tesourería)*

### A. **Quinta.- Complemento de produtividade por realizar funcións ou tarefas distintas ás asignadas como propias, no caso de substitucións de tarefas de compañeiros (por ausencias ou permisos) ou realización de funcións de prazas vacantes.**

*Na proposta de asignación de funcións doutros postos de traballo, nas que non existe nomeamento de substitución, haberá que determinar que tanto por cento de funcións do*


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

posto realízanse, e se é entre varias persoas aplicarase en proporción ás persoas que soportan esa carga de traballo. Establecerase unha contía que non poderá superar o 45% do Complemento Específico do posto cuxas funcións se estea realizando.

**A. Sexta: Complemento puntual por traballos excepcionais ou extraordinarios.**

Entendendo como tales aqueles que teñen que ver coas tarefas concretas que non ten asignadas o empregado público, e que a súa realización é esporádica, non permanente en determinados períodos de tempo. Irán vinculados á execución de programas, proxectos ou actuacións específicas propias ou non propias do posto de traballo.

Tamén se incluírán os traballos pola xestión, dirección ou coordinación de persoal de plans de emprego ou programas similares de asunción de persoal, nos servizos municipais, conforme á seguinte táboa segundo os traballadores asignados a cada servizo:

- 1-2 traballadores -----	10%
- 3 traballadores -----	20%
- 4 traballadores -----	30 %
- 5 traballadores -----	35 %
- 6 traballadores -----	40 %
- 7 traballadores ou máis -----	45 %

O referido persoal poderá percibir en concepto de produtividade unha retribución que, no seu conxunto pola acumulación de actuacións, non poderá superar o 45% do nivel de complemento de específico, que teña asignado o posto de traballo que desempeñe.

**A. Sétima: Tramitación.**

A asignación da produtividade pola alcaldía requirirá unha previa proposta debidamente motivada rubricada polo Alcalde, Concelleiro delegado e/ou superior xerárquico na que se detallará/ n perfectamente a/s actuación/s que, sendo constitutivas dun especial rendemento e/ou dunha actividade e dedicación extraordinaria e/ou dun interese ou iniciativa tal e como se definen na presente base, orixinan o dereito para percibir o complemento de produtividade.

**A. Oitava:**

En ningún caso as contías asignadas polo citado complemento durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes aos períodos sucesivos.

**A. Novena:**

Todos os meses farase público o Decreto polo que se concedan cantidades por este concepto.

**A. Décima:**

En todo caso, as contías globais de produtividade que se perciban polo cumprimento dos criterios previstos no presente documento, non poderán superar as cantidades consignadas nas correspondentes partidas orzamentarias.

**A. Undécima:**

Os límites á contía global dos complementos de produtividade serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral , a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

de destino. Da devandita cantidade destinarase ata un máximo do 30 por 100 para complemento de Produtividade.

**B.- Gratificacións por servizos extraordinarios.**

Aos efectos da regulación dos servizos extraordinarios, considerarase derogadas todas as resolucións e disposicións municipais sobre a materia que contraveñan o que seguidamente se disporá, en especial as resolucións números 356 e 357/2016, do 17 de agosto.

Os servizos extraordinarios iniciaranse unha vez finalizada a xornada normal de traballo do posto de que se trate.

**B. Primeira: Valor da hora extraordinaria para determinar o importe da gratificación:**

O valor base de cada hora extraordinaria establécese en función do grupo ou subgrupo do posto de traballo que efectivamente se desempeña, en función da titulación esixida para o ingreso no mesmo, sendo comúns a todos os empregados públicos municipais e establecéndose o seguinte importe hora:

A1, Titulados superiores:	30 €/hora	
A2, Grao Universitario ou titulados grao medio:	22	€/hora
C1, Bacharel superior, Técnico ou equivalente:	18	€/hora
C2, Graduado ESO ou equivalente:	15 €/hora	
E, Agrupacións Profesionais (Disposición Adic. 6ª TRLEBEP):	12 €/hora	

**B. Segunda: límite horas extraordinarias.**

Ningún empregado público municipal poderá superar a contía máxima de horas por servizos extraordinario realizados fóra da xornada de traballo. A estes efectos establécese a contía máxima anual en 80 horas anuais. Non se terá en conta, a efectos da duración máxima da xornada ordinaria laboral, nin para o cómputo do número máximo das horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes, sen prexuízo da súa compensación como horas extraordinarias

**B. Terceira: Tramitación horas Extraordinarias.**

**1.-** O Alcalde, Concelleiro Delegado, ou ben o superior xerárquico, elevará proposta de traballo extraordinario a favor do empregado público afectado na que se incluíran os extremos seguintes:

- Descrición do traballo para realizar e a súa xustificación.
- Nome do empregado/empregados que realizarán o traballo extraordinario.
- Estimación máxima de horas a realizar por cada un dos empregados propostos.

**2.-** Previamente á autorización dos traballos extraordinarios a que se vaian a realizar fóra da xornada laboral e con dereito a gratificación, o departamento correspondente onde preste os seus servizos o traballador deberá solicitar á intervención municipal o certificado de existencia de crédito polo importe total da gratificación. Expedida a certificación, a autorización será acordada polo alcalde-presidente.

**3.-** A realización dos traballos será xustificada polo traballador con relación detallada das horas e datas en en as que prestou os servizos extraordinarios, co visto e prace





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*do concelleiro delegado responsable do departamento no que o traballador presta os seus servizos.*

*4.- Unha vez aprobada a liquidación da gratificación polo alcalde, o pago será ordenado polo mesmo e materializarse na nómina do mes seguinte."*

2º.- Publicar o edicto de aprobación inicial no BOP para que durante un prazo de 15 días hábiles os interesados poidano examinar e presentar reclamacións.

3º.- Considerar aprobada definitivamente a modificación se durante o prazo a que se fai referencia no apartado anterior non se presentan reclamacións, en caso contrario o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- Publicar a aprobación definitiva mediante edicto no BOP, data a partir da cal entrará en vigor a modificación da base 25ª.

## **XGL 12-06-2018**

### **1. PROPOSTA DE DESISTAMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN DA EMPRESA "TU MAYOR AMIGO, S.L." CONTRA EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO S.A.F.-**

O Concello de Ponteceso aprobou na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29-01-2018 o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar. En tempo e forma presenta TU MAYOR AMIGO S.L. o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28-05-2018, de adjudicación do S.A.F. e exclusión da súa empresa do procedemento de contratación .

Logo de ver o informe-proposta da secretaría municipal de data 08-06-2018, no que literalmente díse:

#### **"Antecedentes**

Despois da publicación dos anuncios correspondentes no BOP núm. 24 do 02-02-2018 e no Perfil do Contratante ([www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)), en tempo e forma presentáronse as propostas. A mesa de contratación celebrou a súa primeira reunión, en sesión pública, o día 28-02-2018, na cal procedeuse á apertura do sobre A, documentación administrativa, que segundo a cláusula 12.2 do Prego de Cláusulas Administrativas, debía conter a seguinte documentación:

- Declaración responsable.
- Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo (Anexo III do PCA).
- Acreditación de estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais.
- Compromiso de subrogación do persoal municipal (Anexo VIII do PCA).

Así na acta da mesa de contratación da referida data, en relación á proposta de TU MAYOR AMIGO, S.L. consta o seguinte

*"TU MAYOR AMIGO S.L., R.E. núm. 626, do 20-02-2018 (Fax-correos, 19-02-2018, R.E. 616).*

- *Declaración responsable.*

*A mesa comproba que a documentación do sobre A é incompleta dacordo coa cláusula 12.2 do PCA, falta a seguinte que debera ser incluída:*

- *Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo (Anexo III).*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

#### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- *Acreditación de estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais.*
- *Compromiso de subrogación do persoal municipal (Anexo VI).*

*Logo de ver o informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, Informe 48/02, de 28 de febreiro de 2003, "Defectos subsanables en la documentación aportada por las empresas", así como o artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas que literalmente establece:*

*"Artículo 81 Calificación de la documentación y defectos u omisiones subsanables*

*1. A los efectos de la calificación de la documentación presentada, previa la constitución de la mesa de contratación, el Presidente ordenará la apertura de los sobres que contengan la documentación a que se refiere el artículo 79.2 de la Ley, y el Secretario certificará la relación de documentos que figuren en cada uno de ellos.*

*2. Si la mesa observase defectos u omisiones subsanables en la documentación presentada, lo comunicará verbalmente a los interesados. Sin perjuicio de lo anterior, las circunstancias reseñadas deberán hacerse públicas a través de anuncios del órgano de contratación o, en su caso, del que se fije en el pliego, concediéndose un plazo no superior a tres días hábiles para que los licitadores los corrijan o subsanen ante la propia mesa de contratación.*

*3. De lo actuado conforme a este artículo se dejará constancia en el acta que necesariamente deberá extenderse."*

*A mesa de contratación considera que a falta da totalidade da documentación do sobre A, agás a declaración responsable, consonte ao referido Informe 48/02, da JCCA, e no artigo 81 do Regulamento da Lei de Contratos, non se pode considerar como defecto ou omisión subsanable.*

*Por todo o anterior, a mesa de contratación, acorda:*

*1º.- Admitir ao procedemento de contratación ás seguintes empresas por estar conforme a documentación administrativa incluída no sobre A:*

*SERVIZOS SOCIAIS ULLA-SAR S.L., R.E núm. 568, do 15-02-2018.*

*SON A TÚA AXUDA S.L., R.E. núm. 596, do 16-02-2018.*

*IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.L., R.E. núm. 605, do 19-02-2018.*

*ATENDO CALIDADE, R.E. núm. 619, do 19-02-2018 (Fax-correos, 16-02-2018, R.E. 589).*

*2º.- Requirir á empresa SERVITAL, R.E. núm. 617, do 19-01-2018 (Fax –correos, 16-02-2018, R.E. 587) a subsanación da omisión padecida ao non incluír o Anexo VI, compromiso de subrogación do persoal municipal, segundo o establecido na cláusula 12.2 do PCA. A subsanación deberá presetarse no rexistro municipal no prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao envío do requirimento por correo electrónico á dirección facilitada ao seu efecto.*

*3º.- Excluir do procedemento de contratación á empresa TU MAYOR AMIGO S.L., R.E. núm. 626, do 20-02-2018 (Fax-correos, 19-02-2018, R.E. 616) por non incluír no sobre A a documentación esixida na cláusula 12.2 do PCA, consonte á interpretación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, Informes 37/97, 44/97 e en especial o referido Informe 48/02, do 28 de febreiro de 2003, ao non considerar como subsanable a omisión de toda a documentación, agás a declaración responsable Anexo II.*

*4º.- Celebrar unha nova reunión o día 6 de marzo de 2018 ao obxecto de comprobar o cumprimento do requirimento efectuado á empresa SERVITAL, en relación á documentación do sobre A e acordar a súa admisión ou, no seu caso, exclusión, e deseguido proceder á apertura do sobre B.*

*5º.- Publicar a acta no Perfil do contratante, [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal), aos efectos da súa publicidade e xeral coñecemento."*

*Polo tanto, a exclusión da empresa non se produce, tal como se argumenta no recurso por non presentar un anexo, senón da totalidade, agás a declaración responsable. A documentación que faltaba no sobre A, foi a seguinte:*

- *Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo (Anexo III).*
- *Acreditación de estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais.*


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

- Compromiso de subrogación do persoal municipal (Anexo VI).

A mesa polos argumentos expostos, tal como se cita con anterioridade en sesión pública, acordou a súa exclusión ao considerar non subsanables as omisións anteriores. Consonte ao Prego de Cláusulas Administrativas publicou a acta no Perfil do Contratante para o xeral coñecemento.

*Despois da tramitación do expediente, a mesa na reunión celebrada o día 07-05-2018 acordou:*

**“1º.-** Elevar a proposta de adxudicación do servizo “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR” ao órgano de contratación a prol da oferta máis vantaxosa economicamente no seu conxunto que se corresponde coa de ATENDO CALIDADE SL, no prezo de 431.352,24 euros máis IVE, con suxeición ao establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e ás condicións da súa proposta.

**2º.-** Publicar a acta no perfil do contratante, [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal), para xeral coñecemento e publicidade.”

Rematando así na proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, para a súa elevación á Xunta de Goberno Local, que acordou a adxudicación definitiva e a exclusión da empresa TU MAYOR AMIGO S.L.

Por todo o anterior considérase axustado a dereito, tanto o proceder da mesa, como o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 28-05-2018 de adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar. A argumentación do recurso carece de fundamento legal, posto que a mesa axustou a súa actuación ao disposto tanto no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, como no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. O prazo establecido no artigo 81 do Regulamento, anteriormente sinalado, refírese aos defectos ou omisións que a mesa considere subsanables, pero consonte ás interpretacións da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, Informes 48/02 e anteriores 37/97 e 44/07, entre outros, a mesa estima os mesmos como non subsanables, posto que non é un, senón tres documentos que faltan, e un tan importante e trascendente como a acreditación de estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais, requisito esencial para poder participar no procedemento e optar á súa adxudicación.

Por todo o anterior, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA

Desestimar o recurso de reposición presentado pola empresa TU MAYOR AMIGO, S.L., contra o acordo de adxudicación do SAF, por considerar axustada a dereito a súa exclusión do procedemento, ao considerar non subsanable a falta de documentación sinalada no sobre A, documentación administrativa.”

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nos seus artigos 123 e 124 establece:

“Artículo 123. Objeto y naturaleza. 1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. 2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.

Artículo 124. Plazos. 1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. 2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. 3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso. “



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

En consecuencia, o recurso formulouse en tempo e forma contra un acordo da Xunta de Goberno Local que pon fin á vía administrativa.

Pola alcaldía sométese a votación a proposta de acordo e a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### ACORDA

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición presentado pola empresa TU MAYOR AMIGO, S.L., contra o acordo de data 28-05-2018, de adxudicación do S.A.F., por considerar axustada a dereito a súa exclusión do procedemento, ao considerar non subsanable a falta de documentación sinalada no sobre A, documentación administrativa.

**Segundo.-** Notificar este acordo á empresa interesada para o seu xeral coñecemento e efectos, advertíndo que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, non se poderá intepoñer de novo o dito recurso, senón que o acordo poderá ser impugnado, se procedera, a través do recurso extraordinario de revisión ou directamente no orde xurisdiccional contencioso administrativo.

**XGL 12-07-2018**

### PROPOSTA DE IGUALDADE RETRIBUTIVA PARA POSTOS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E PEÓNS LIMPEZA

No cadro de persoal municipal preto do 90% dos postos de traballo son de natureza laboral de carácter temporal. Os contratos subscritos no seu momento, á marxe do cumprimento dos principios básicos de acceso ao emprego público, así os mesmos celebráronse sen cumprir os principios de publicidade, mérito e capacidade. A contratación laboral no ámbito do concello abusou do contrato por obra ou servizo determinado e excedeuse en todos eles a duración inicialmente acordada, polo que a día de hoxe os traballadores contratados poderían ter a condición de traballadores de carácter indefinido ou fixo, por aplicación dos artigos 15.1.a e 15.3 de o RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores. O primeiro dos artigos citados, 15.1.a, establece: "Cando se contrate ao traballador para a realización dunha obra ou servizo determinados, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e cuxa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta. Estes contratos non poderán ter unha duración superior a tres anos ampliable ata doce meses máis por convenio colectivo de ámbito sectorial estatal ou, na súa falta, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior. Transcorridos estes prazos, os traballadores adquirirán a condición de traballadores fixos da empresa." E no seu artigo 15.3 "Presumiranse por tempo indefinido os contratos temporais celebrados en fraude de lei".

Con todo isto os principios de acceso á función pública de igualdade, publicidade, mérito e capacidade non se cumpriron, e a problemática de todo o persoal laboral temporal teríase que resolver por medio da confección e aprobación da RPT, e con toda probabilidade os traballadores laborales con contrato temporal afectados e que poidan perder o posto de traballo, ben pola súa amortización ou ben pola cobertura por procedemento de selección e non acaden o posto de traballo, podería acabar recorrendo aos tribunais de xustiza, sendo esta a que resolva sobre o fondo da asunto.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

As retribucións fixadas nos contratos iniciais subscritos polo Concello de Ponteceso e os seus traballadores laborais son as que aplican na actualidade, coas adecuacións retributivas que anualmente establecen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico. O importe das mesmas é desigual para postos de igual natureza e prestacións, sendo os máis significativos os correspondentes aos seguintes postos: Auxiliar Administrativo e Peón Limpeza.

O dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre mulleres e homes é un dereito recoñecido expresamente na Constitución Española (artigo 35 CE), na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo (artigo 5), e no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, cuxo artigo 28 dispón: "O empresario está obrigado a pagar pola prestación dun traballo de igual valor a mesma retribución, satisfeita directa ou indirectamente, e calquera que sexa a natureza da mesma, salarial ou extrasalarial, sen que poida producirse discriminación algunha por razón de sexo en ningún dos elementos ou condicións daquela."

A doutrina do Tribunal Constitucional é extensa en canto ao principio de igualdade e non discriminación salarial, así vén establecer que cando a empleadora é a Administración pública, esta non se rexe nas súas relacións xurídicas polo principio da autonomía da vontade, senón que debe actuar con sometemento pleno á Lei e ao dereito ( art. 103.1 CE), con interdicción expresa da arbitrariedade ( art. 9.3 CE). Como poder público que é, está suxeita ao principio de igualdade ante a Lei que concede ás persoas o dereito subxectivo de alcanzar dos poderes públicos un trato igual para supostos iguais ( SSTC 161/1991, do 18 de xuño ; e 2/1998, do 12 de xaneiro.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 3, establece: "O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil.". No seu artigo 4 "A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrarase e observará na interpretación e aplicación das normas xurídicas."

E no seu artigo 51, criterios de actuación das administracións públicas, "As Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán: a) Remover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo de discriminación co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público e no desenvolvemento da carreira profesional..... f) Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo. g) Avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos ámbitos de actuación."

Por todo o anterior constatadas as diferenzas retributivas nos postos de Auxiliares Administrativos e Peóns de limpeza do Concello de Ponteceso, persoal laboral temporal, é unha obriga do Concello poñer os medios para implementar o principio de igualdade que debe presumir a relación Administración-traballador, e o Concello de Ponteceso como poder público que é, está suxeito ao principio de igualdade ante a Lei que concede ás persoas o dereito subxectivo de alcanzar dos poderes públicos un trato igual para supostos iguais. Cumpríndose así a igualdade salarial entre postos bases que realizan as mesmas funcións, sen diferenzas entre as mesmas, que xustifiquen por proporcionalidade unha diferenza retributiva entre as mesmas.

Correspóndelles ás Entidades Locais, en manifestación da súa autonomía constitucionalmente recoñecida a formación das relacións de postos de traballo, no exercicio da súa potestade de auto-organización, máis "no seu exercicio está sometida á legalidade e aos principios xerais de interdicción da arbitrariedade dos poder públicos, proclamados no artigo 9.3 da Constitución" (Sentenza do TSXG num. 595/2015, do 28.10.2015).





concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A Relación de Postos de Trabajo (en adiante RPT), é definida pola lexislación como “o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo”, artigo 15.1. da Lei 30/1984 do 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública (en diante, LMRFP).

Constitúe o principal instrumento organizativo das Entidades Locais, pois se deseña o modelo organizativo a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde á realización concreta do traballo para desenvolver. Mediante a RPT racionalízase e ordena a función pública e é un instrumento esencial da política xeral de persoal a incluír na mesma a dimensión económica ou orzamentaria.

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL) dispón, «as Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública», correspondendo ao Estado «establecer las normas con arranxo a las cales haxan de confeccionarse las relaciones de postos de traballo, la descripción de postos de traballo tipo e las condiciones requiridas para a súa creación»

Segundo o anterior, e dada a escasa atención que dedica a esta cuestión o artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP), para determinar o contido e estrutura das relacións de postos de traballo das Administracións Locais, serven de guía as indicacións contidas, en primeiro lugar, nos desenvolvementos normativos que do TREBEP levan a cabo as Comunidades Autónomas e, en defecto deles, o vixente artigo 15.1. b) da LMRFP, cuxo contido non de moito máis desenvolvemento e o artigo 2 da Orde do 2 de decembro de 1988, sobre relacións de Postos de Trabajo da Administración do Estado.

A normativa autonómica de desenvolvemento do TREBEP, en Galicia, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG), aplicable ás administracións locais do seu territorio, artigo 4.1. b), tampouco é que dedique máis atención, e regula as Relacións de postos de traballo no seu artigo 38, sinalando que:

“1. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. (...)

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica.

b) A clasificación profesional. c) O sistema de provisión. d) A adscrición orgánica .e) O complemento retributivo do posto. f) Os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión. g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente (...)”

Engadindo no seu artigo 202, dentro do Título X, especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, o deber da súa formulación e os seus trámites de aprobación, nos seguintes termos:

“Artigo 202. Relación de postos de traballo. 1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas. 2. A relación de postos de traballo, logo do cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentados. 3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia."

Nas normas mencionadas concíbese a relación de postos de traballo como un instrumento técnico das Administracións Públicas para levar a cabo unha ordenación racional dos seus efectivos de persoal en consonancia coas reais necesidades dos servizos, obrigando a unha detallada análise e estudo dos postos de traballo que son precisos para atendelos adecuadamente, así como á determinación dos requisitos obxectivos necesarios para o seu desempeño e acceso aos mesmos, entendéndose todo isto de acordo coas funcións ou competencias propias de cada Administración. A LBRL alude a este instrumento en dúas ordes de cuestións: competencia para a súa aprobación, que a reserva ao Pleno ( art. 22.2.i), e contido ( arts. 90.2 e 126.4 TRRL). Neste aspecto atribúese ao Estado a competencia para regular as relacións de postos de traballo, a descrición dos postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o artigo 38 da LEPG, no seu apartado 3, establece: "3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún debido a que non estea dotado presupuestariamente." En consecuencia, en Galicia, as RPT deberán executarse na súa totalidade no exercicio orzamentario no que se aproben. Por tanto a dualidade RPT e Orzamento Municipal convértese nunha imposición legal, que á súa vez constitúe un límite á potestade auto-organizativa municipal no ámbito da Comunidade de Galicia.

Por todo o anterior será a Relación de Postos de Traballo a que estableza a natureza dos postos, as súas retribucións complementarias, e dentro da condición de empregados públicos, as correspondentes a funcionarios e persoal laboral. Debendo cubrirse todos os postos de traballo cumprindo os principios de publicidade, mérito e capacidade.

Nos momentos actuais consta o borrador da RPT do Concello de Ponteceso, sometido inicialmente á mesa de negociación, aínda que o mesmo atópase en fase de redacción e adecuación, pois no anterior contéplanse postos de traballo que se amortizarán, tal é o caso do que se integra no Servizo de Axuda no Fogar, o cal tras o procedemento de adxudicación se externaliza a empresa, a cal ten a obriga legal de subrogar ao persoal municipal; a inclusión no borrador de postos de traballo de servizos temporais e outros axustes que é preciso realizar no mesmo, levan a que neste momento toda adecuación retributiva deberá realizarse mediante a modificación do Persoal e do Anexo de Persoal do vixente Orzamento Municipal.

Polo que leva a analizar a adecuación retributiva que se pretende co establecido na lexislación de aplicación.

A Ley 6/2018, do 3 de xullo de 2018, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, no seu artigo 18 establece:

"Uno. A efectos de lo establecido en el presente Capítulo, constituyen el sector público:

.....

c) Las Corporaciones locales y Organismos de ellas dependientes.

.....

Dos. En el año 2018, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2017, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo. Además de lo anterior, si el incremento del Producto Interior Bruto (PIB) a precios constantes en 2017 alcanzara o



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Pontevedra (A Coruña)

superase el 3,1 por ciento se añadiría, con efectos de 1 de julio de 2018, otro 0,25 por ciento de incremento salarial. A los efectos de lo dispuesto en este apartado, en lo que a incremento del PIB se refiere, se considerará la estimación avance del PIB de cada año publicada por el Instituto Nacional de Estadística (INE). Una vez publicado el avance del PIB por el INE y, previa comunicación a la Comisión de Seguimiento del Acuerdo para la mejora del empleo público y de condiciones de trabajo de 9 de marzo de 2018, mediante Acuerdo del Consejo de Ministros se aprobará, en su caso, la aplicación del incremento. Del citado Acuerdo se dará traslado a las Comunidades Autónomas, a las Ciudades Autónomas y a la Federación Española de Municipios y Provincias. Además, se podrá autorizar un incremento adicional del 0,2 por ciento de la masa salarial para, entre otras medidas, la implantación de planes o proyectos de mejora de la productividad o la eficiencia, la revisión de complementos específicos entre puestos con funciones equiparables, la homologación de complementos de destino o la aportación a planes de pensiones. En las Administraciones y resto de entidades del sector público definido en este artículo en situación de superávit presupuestario en el ejercicio 2017, este incremento adicional podrá alcanzar el 0,3 por ciento.

.....

Cuatro. La masa salarial del personal laboral, que se incrementará en el porcentaje máximo previsto en el apartado dos de este artículo, está integrada por el conjunto de las retribuciones salariales y extrasalariales y los gastos de acción social devengados por dicho personal en el año anterior, en términos de homogeneidad para los dos períodos objeto de comparación. Se exceptúan, en todo caso:

- a) Las prestaciones e indemnizaciones de la Seguridad Social.
- b) Las cotizaciones al sistema de la Seguridad Social a cargo del empleador.
- c) Las indemnizaciones correspondientes a traslados, suspensiones o despidos
- d) Las indemnizaciones o suplidos por gastos que hubiera realizado el trabajador.

.....

Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo."

Por tanto a lei de orzamentos permite a adecuación retributiva pero con carácter singular e excepcional, tal como é neste caso, onde se xustifica a subida salarial para acadar a normalización de salarios dentro de cada categoría, asimilada ás retribucións que figuran para os precitados postos na Lei 6/2018. Neste caso ao amparo do principio constitucional de igualdade, en cumprimento do art. 35 CE, sobre o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva, considérase urxente e necesario proceder á adecuación retributiva dos postos de traballo base de Auxiliares Administrativos e Peóns Limpeza, para os cales se establecerá unha igualación de retribucións. Aínda que o complemento retributivo igualatorio terá carácter transitorio, á espera do que determine a Relación de Postos de Traballo, a cal unha vez finalizada, sometida a negociación, elevarase ao Pleno para a súa aprobación.

### RETRIBUCIÓN ACTUAIS

ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2017, PRORROGADO 2018.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)**1. AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Persoal Funcionario. Auxiliar Administrativo de Admón. Xeral (vacante)

a) Soldo e pagas extras:

Auxiliar administrativo/a oficinas xerais/ 920	1	C /// C2	7.335,72	0,00	1.211,46	0,00	8.547,18
---	---	-------------	----------	------	----------	------	----------

b) Complemento destino:

Auxiliar administrativo/a oficinas xerais/ 920	1	C /// C2	18	5.638,22
--	---	-------------	----	----------

c) Complemento específico:

Auxiliar administrativo/a oficinas xerais/ 920	1	C /// C2		6.761,96
---	---	-------------	--	----------

Total posto Auxiliar Administrativo de Admón. Xeral (vacante)

20.947,36

Persoal Laboral. Postos de Auxiliar Administrativo

Auxiliar administrativo	920	3 (xornada completa) 1 (xornada parcial)	60.371,74	4.090,42	64.462,16
----------------------------	-----	---	-----------	----------	-----------

Dos cales, sen ter en conta antigüidade:

Posto 1 (xornada completa):	1.496,63 x 14 pagas=	20.952,82
Posto 2 (xornada completa):	874,37 x 14 pagas=	11.863,18
Posto 3 (xornada completa):	1.218,03 x 14 pagas=	17.052,42
Posto 4 (xornada parcial):	723,23 x 14 pagas=	10.125,22
(Aplicando coef. Red. Xornada 87,5):	632,83 x 14 pagas=	8.859,62
Total actual:		58.728,04

Partindo que neste intre se está a elaborar a RPT e será iste o instrumento que determine as retribucións e as funcións específicas de cada posto, considérase xustificade e de xusticia igualar as retribucións. O posto número1 ten unhas retribucións anuais de 20.952,82 euros, iguais ás do posto base de auxiliar administrativo vacante no cadro de postos de traballo do O.M.. Considérase que neste intre deberíase optar pola igualación co posto número 3 que ten unhas retribucións anuais de 17.052,42 euros, e na RPT establecerase a valoración que corresponde a estos postos de traballo, polo que de ser inferiores ás do posto número 1, establecerase un complemento personal transitorio a favor do posto que perda dereitos económicos, ata a súa provisión definitiva. Polo tanto a proposta igualatoria para os postos de auxiliares partirá das correspondentes ao posto número 3 de 17.052,42 euros anuais, polo que a todos os postos se lles outorgará un complemento provisional ao seu salario ata a contía anual de 17.052,42 euros, antigüidade excluída, e ata que a RPT definitivamente aprobada contemple as retribucións obxectivas que correspondan.

A regularizar para homoxeinidade retributiva:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Posto núm. 1: 1.496,63 x 14 pagas=	20.952,82
Posto núm. 2: 1.218,03 x14 pagas=	17.052,42
Posto núm. 3: 1.218,03 x 14 pagas=	17.052,42
Posto núm. 4 (t. parcial): 1.218,03 x 14 pagas=	17.052,42
(Aplicando coef. Red. Xornada 87,5)= 1.065,78 x 14 pagas=	<u>14.920,87</u>
Total regularizado:	69.978,53

CUSTE ORZAMENTARIO 3 POSTOS IGUALADOS = 11.250,49

## 2. PEÓNS LIMPEZA

Peón 1: 693,21 x 14 pagas=	9.704,94
Peón 2: 1.108,93 x 14 pagas=	15.525,02
Peón 3: 940,20 x 14 pagas=	13.162,80
Peón 4: 884,07 x 14 pagas=	12.376,98
Total actual:	50.769,74

A regularizar: 1.108,93 x 14 pagas= 15.525,02

15,525,02 euros/anuais x 4 postos=	62.100,08
Total regularizado=	62.100,08

CUSTE ORZAMENTARIO 6 POSTOS IGUALADOS = 11330,34

### TOTAL CUSTE ORZAMENTARIO SALARIAL (A ENGADIR SEG. SOC.)

Auxiliares Adm.=	<u>11.250,49</u>
Peóns Limpeza=	<u>11.330,34</u>
<b>Total=</b>	<b><u>22.580,83</u></b>

### PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.-** Modificar as retribucións dos postos de Auxiliares Administrativos, persoal laboral temporal, establecidos no Anexo de Persoal e Plantilla Municipal na contía de 1.218,03 euros mensuais, antigüidade excluída, en catorce pagas, que totalizan 17.052,42 euros para cada posto, calculado a xornada completa, establecendo un complemento que cubra a diferenza entre as actuais e as que corresponde percibir a cada posto ata que se aprobe a Relación de Postos de Traballo que será a que establezca as retribucións que correspondan. As retribucións para o exercicio de 2018 adecuaranse ao establecido na Lei 6/2018, de 2 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

**Segundo.-** Modificar as retribucións dos postos de Peóns de Limpeza, persoal laboral temporal, establecidos no Anexo de Persoal e Plantilla Municipal na contía de 1.108,93 euros mensuais, antigüidade excluída, en catorce pagas, que totalizan 15.525,02 euros anuais, establecendo un complemento que cubra a diferenza entre as actuais e as que corresponde percibir a cada posto ata que se aprobe a Relación de Postos de Traballo que será a que establezca as retribucións que



**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

correspondan. As retribucións para o exercicio de 2018 adecuaranse ao establecido na Lei 6/2018, de 2 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018

**Terceiro.-** Publicar o anuncio de exposición pública, para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da súa publicación no BOP, dando cumprimento ao disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da LRFL. No caso de que se presentaran reclamacións ou alegación a modificación do Anexo de Persoal e Plantilla considerarase definitivamente aprobado.

**4º.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017, PRORROGADO PARA 2018****PROPOSTA DE ACORDO**

Considérase urxente acometer unha serie de reformas no actual anexo de persoal e plantilla municipal, debido a cambios legislativos que xustifican a creación de novos postos de traballo e que non están previstos no vixente Orzamento Municipal.

En primeiro lugar, o artigo 92.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece a reserva a funcionarios con habilitación nacional dos postos de traballo de Tesoureiro da Administración Local.

Visto o Orzamento Municipal para o exercicio de 2017, prorrogado para 2018, non existe ningún posto de traballo de Tesoureiro, estando desempeñando o mesmo con carácter accidental un Administrativo de Admón. Xeneral.

Polo que a Relación de Postos de Traballo do Concello de Ponteceso deberá contemplar un posto de traballo denominado Tesoureiro, reservado a Funcionarios con habilitación estatal, do grupo A1 ao que se lle asignen as funcións legalmente establecidas para o devandito posto.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, imponse a obrigaçión respectiva da tramitación electrónica de todo tipo de expedientes, así como da contratación administrativa pola segunda. No Concello de Ponteceso non existen postos de traballo, no actual persoal municipal, cualificados e que sirvan de apoio á xestión municipal, polo que se considera necesario incluír prioritariamente no persoal municipal un posto de Técnico de Administración Xeral, Grupo A1.

Nas áreas de secretaría e intervención, existen dous postos de traballo reservados a habilitados nacionais, a Intervención cuberta en propiedade, e a secretaría vacante, e dous administrativos, en propiedade, un en cada área. Existen dous postos de traballo vacantes, un administrativo e un auxiliar administrativo. O posto vacante de administrativo encóntrase actualmente cuberto por medio dunha comisión de servizos, a cal ten unha duración dun ano, prorrogable, no seu caso, por outro máis. Polo que se considera urxente a súa cobertura, así como modificar o Anexo de Persoal,



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

no que respecta ao posto de traballo de Administrativo de Administración Xeral, C1, e que é preciso modificar en canto á asignación de funcións, organizando ao persoal de Administración coa creación dunha xefatura de unidade administrativa, así como as retribucións complementarias que lle correspondan a este posto.

O primeiro posto de traballo, A1, atópase contemplado no borrador inicial de RTP e o segundo débese incluír, C1.

Con todo e para poder cumprir as obrigacións legais, considéranse excepciónais as causas para a modificación do anexo de persoal e plantilla municipal, mediante a creación de dous postos de traballo de Tesoureiro, Técnico Superior de Administración Xeral, e a modificación do actual posto vacante de Administrativo de Admón. Xeral.

## **1. POSTOS NOVA CREACIÓN**

### **A. TESOUREIRO**

Subgrupo A1, nivel complemento destino 26.

Complemento Destino: 9.971,50

Complemento Específico: 16.800,00

A Lei 7/1985, de 2 de abril, no seu artigo 92 bis introducido, na súa actual redacción, polo número vinte e catro do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, establece:

“Artigo 92 bis Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

1. Son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

a) A de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

.....”

O artigo 14 Artigo 92 bis Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

1. Son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

a) A de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

.....”

O artigo 14 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece:


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

“1. Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira ou segunda clase, existirá un posto de traballo denominado Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións enumeradas no artigo 5 deste real decreto.

2. Os postos a que se refire o apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional da subescala de Intervención-Tesourería.....”

**B. TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL**
**Coordinador Xeral**

Subgrupo A1, nivel complemento destino 28

Complemento Destino: 11.887,96

Complemento Específico: 18.691,12

O borrador da RPT deste Concello que se está tramitando contempla este posto, que terá asignadas inicialmente as seguintes funcións:

- Coordinación da xestión administrativa municipal entre os distintos servizos e departamentos municipais.
- Implantación e dirección da administración electrónica municipal.
- Dirección da contratación administrativa municipal
- Substitución da Secretaría, en casos de ausencia, vacante ou enfermidade, previamente proposto pola Alcaldía e nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.
- Xestión de procedementos administrativos en materia de persoal.
- Informes e propostas nos distintos procedementos administrativos municipais, que non estean legalmente atribuídos a funcionarios de habilitacional nacional.
- Levar a cabo as distintas tarefas e obxectivos que estableza para cada período anual a alcaldía, baixo cuxas ordes e mandato exercerá as súas funcións.

Polo tanto as funcións asignadas ao devandito posto de traballo serán as legalmente establecidas e as anteriormente relacionadas, ata a aprobación da Relación de Postos de Traballo que será a que determine tanto as funcións como as retribucións complementaria que obxectivamente lle correspondan.

**C. MODIFICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE “ADMINISTRATIVO DE ADMÓN XERAL”- C1**

A falta de funcionarios dentro do cadro de postos de traballo e plantilla municipal é unha evidencia que leva a unha situación endémica á administración municipal. Nas áreas de secretaría e intervención, existen dous postos de traballo reservados a habilitados nacionais, a Intervención cuberta en propiedade, e a secretaría vacante, e dous administrativos, en propiedade, un en cada área. Existen dous postos de traballo vacantes, un administrativo e un auxiliar administrativo. O posto vacante de administrativo encóntrase actualmente cuberto por medio dunha comisión de servizos, a cal ten unha duración dun ano, prorrogable, no seu caso, por outro máis. Polo que se considera urxente a súa cobertura.

Logo de ver a súa consideración de urxente para non menoscabar a reducida plantilla municipal na área de secretaría, e de que tamén se considera convinte a provisión da praza por persoal que aporte experiencia e formación, estímase que a súa cobertura poderá ser realizada mediante concurso, destinada a persoal funcionario de carreira con destino noutras administracións públicas, ao non existir persoal funcionario propio no grupo C2, subescala Auxiliar Administrativa, que poidan optar á promoción interna. Deste xeito búscase a cobertura inmediata con persoal cualificado e



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

mediante concurso público, suxeito á publicidade, mérito e capacidade para a selección de persoal que conta xa coa condición de funcionario público, e ao mesmo tempo non terá limitación dimanante da Lei Xeral de Orzamentos, ao non ser persoal de novo ingreso, senón a proveer mediante persoal que xa ten a condición de funcionario de carreira.

## ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL- SUBGRUPO C1

### Xefe da Unidade Administrativa

Subgrupo C1, nivel complemento destino 22.

Provisión: Concurso, entre persoal funcionario de carreira en servizo activo noutras administracións públicas.

Complemento destino:	7.281,26
Complemento específico:	16.800,00

Nesta unidade administrativa integrárase o persoal laboral existente, auxiliares administrativos, e funcionario Administrativo.

As funcións deste posto de traballo serán as seguintes:

- Xefatura da unidade, con dependencia directa do posto de Coordinador Xeral.
- Distribución de traballo entre o persoal adscrito á mesma.
- Elaboración da rectificación anual do Inventario de Bens.
- Levar a cabo a dirección dos traballos encamiñados ao cumprimento da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal.
- Implantación da administración electrónica, por imperativo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, e impulso do TECEC E SIGEM e aquelas novas aplicacións que se instalen, deseñando procedementos electrónicos, baixo a supervisión do posto de Coordinador Xeral.
- Colaboración directa co titular da Secretaría municipal, na configuración do orde do día das sesións dos órganos municipais, e na preparación de actas de órganos colexiados, así como na xestión do rexistro municipal e arquivo, dirixindo ao persoal que realice estas funcións.
- Colaboración directa co titular do posto de Coordinador Xeral para a tramitación da contratación administrativa, impulsando os procedementos electrónicos e controlando o perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contración do Sector Público.

## PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.-** Modificar o anexo de persoal e plantilla municipal pola creación do posto de traballo de Tesoureiro, reservado a funcionario con habilitación nacional, A1, consonte ao artigo Artigo 92 bis, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 14 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e asignarlle inicialmente as funcións que establece o artio 5 do precitado RD 128/2018 e ademais das funcións que legalmente corresponden a este posto xestionará e contabilizará todos os ingresos municipais, así como a xestión tributaria, a imposición e modificación das ordenanzas fiscais municipais, e a levanza do control das liquidacións e recibos correspondentes aos tributos municipais cuxa xestión e recadación encóntranse delegados na Deputación Provincial, así como o control da recadación executiva delegada, elevando as propostas para a súa aprobación e aplicación ao orzamento municipal. Colaborará coa Intervención na presentación de contas e datos telemáticos a render perante outras administracións. Terá asignadas as referidas funcións, ata a aprobación da Relación de Postos de Traballo que será a



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

que determine tanto as funcións como as retribucións complementarias que obxectivamente lle correspondan

As retribucións complementarias iniciais do posto serán as seguintes:

Nivel complemento de destino: 26

Complemento específico: 16.800,00 euros.

**Segundo.-** Modificar o anexo de persoal e plantilla municipal pola creación do posto de traballo de Técnico Superior de Administración Xeral, A1, Coordinador Xeral, que terá asignadas as seguintes funcións, ata a aprobación da Relación de Postos de Traballo que será a que determine tanto as funcións como as retribucións complementarias que obxectivamente lle correspondan:

- Coordinación da xestión administrativa municipal entre os distintos servizos e departamentos municipais.
- Implantación e dirección da administración electrónica municipal.
- Dirección da contratación administrativa municipal
- Substitución da Secretaría, en casos de ausencia, vacante ou enfermidade, previamente proposto pola Alcaldía e nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.
- Xestión de procedementos administrativos en materia de persoal.
- Informes e propostas nos distintos procedementos administrativos municipais, que non estean legalmente atribuídos a funcionarios de habilitación nacional.
- Levar a cabo as distintas tarefas e obxectivos que estableza para cada período anual a alcaldía, baixo cuxas ordes e mandato exercerá as súas funcións.

As retribucións complementarias iniciais do posto serán as seguintes:

Nivel complemento de destino: 28

Complemento específico: 18.691,12 euros.

**Terceiro.-** Modificar o anexo de persoal e plantilla municipal no referente ao posto de Administrativo de Admón. Xeral, que se encontra vacante, desempeñado na actualidade en comisión de servizos por funcionario ata a aprobación da Relación de Postos de Traballo que será a que determine tanto as funcións como as retribucións complementarias que obxectivamente lle correspondan:

de carreira, asignándolle a xefatura da unidade administrativa, coas seguintes funcións,

- Xefatura da unidade administrativa, con dependencia directa do posto de Coordinador Xeral.
- Distribución de traballo entre o persoal adscrito á mesma.
- Elaboración da rectificación anual do Inventario de Bens.
- Levar a cabo a dirección dos traballos encamiñados ao cumprimento da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal.
- Implantación da administración electrónica, por imperativo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, e impulso do TECEC E SIGEM e aquelas novas aplicacións que se instalen, deseñando procedementos electrónicos, baixo a supervisión do posto de Coordinador Xeral.
- Colaboración directa co titular da Secretaría municipal, na configuración do orde do día das sesións dos órganos municipais, e na preparación de actas de órganos colexiados, así como na xestión do rexistro municipal e arquivo, dirixindo ao persoal que realice estas funcións.
- Colaboración directa co titular do posto de Coordinador Xeral para a tramitación da contratación administrativa, impulsando os procedementos electrónicos e controlando o perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Provisión: Concurso, entre persoal funcionario de carreira en servizo activo noutras administracións públicas.





CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

As retribucións complementarias iniciais do posto serán as seguintes:  
 Nivel complemento de destino: 22  
 Complemento específico: 16.800,00 euros.

**Cuarto.-** Publicar o anuncio de exposición pública, para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da súa publicación no BOP, dando cumprimento ao disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da LRFL. No caso de que se presentaran reclamacións ou alegación a modificación do Anexo de Persoal e Plantilla considerarase definitivamente aprobado

**Situación do persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Ponteceso, con especial mención ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), conveniado entre a Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponteceso, con vencemento o día 31 de decembro de 2018. Dación de contas de informes de secretaría, intervención e asesoría xurídica sobre situación dos mesmos. Acordo ao respecto que proceda.**

O vindeiro día 31 de decembro de 2018 remata o convenio asinado coa Xunta de Galicia, FEGAMP e Deputacións Provinciais para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), entre os que se encontra o GES do Concello de Ponteceso, ao mesmo tempo dada a situación do persoal laboral temporal ao servizo do Concello, sería necesario estudar a posibilidade de incluír na Oferta de Emprego Público de 2018 das prazas que están a desempeñar por medio da estabilización do emprego temporal, e especialmente sobre o persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal ( GES).

Pola providencia da alcaldía de data 02-11-2018 dispúxose que pola secretaría e intervención se emitiran os informes respectivos sobre o anterior, asemade solicitouse á asesoría xurídica Antas Hernández Vento a emisión dun informe sobre a situación do persoal laboral que presta os seus servizos no GES.

Pola secretaría emiteuse o seguinte informe na data de 07-11-2018:

#### **“INFORME DE SECRETARÍA**

#### **PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE PONTECESO**

##### **1. ANTECEDENTES**

*Pola alcaldía solicítase informe á secretaría sobre a situación do persoal laboral temporal ao servizo do Concello, a posibilidade de incluír na Oferta de Emprego Público de 2018 das prazas que están a desempeñar por medio da estabilización do emprego temporal, e especialmente sobre o persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal ( GES) subvencionado pola Xunta de Galicia con vencemento do vixente convenio no 31 de decembro de 2018.*

##### **2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** O concello debe tramitar e aprobar a obrigatoria Relación de Postos de Traballo, de conformidade co establecido no art. 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, art. 74 do RDL 5/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, art. 15.1. b) da Lei 30/1984, LMRFP, e artigos 4.1. b), 38 e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, contemplando así na mesma a totalidade dos postos de traballo de persoal funcionario, laboral fixo, e laboral temporal a extinguir tras a provisión dos postos de traballo que teñan cabida nos Anexos de Persoal e Persoal, coa correspondente cobertura orzamentaria e que teñan encaixe nas respectivas ofertas de emprego público, de conformidade co que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano correspondente.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado ( LPGE) para o ano 2018, mantén as mesmas limitacións respecto a a contratación temporal que en exercicios anteriores, xa que establece que non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.*

*lotes, pudiéndose reservar lotes de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional cuarta. No obstante lo anterior, el órgano de contratación podrá no dividir en lotes el objeto del contrato cuando existan motivos válidos, que deberán justificarse debidamente en el expediente, salvo en los casos de contratos de concesión de obras.*

*En todo caso se considerarán motivos válidos, a efectos de justificar la no división en lotes del objeto del contrato, los siguientes:*

- a) *El hecho de que la división en lotes del objeto del contrato conlleve el riesgo de restringir injustificadamente la competencia. A los efectos de aplicar este criterio, el órgano de contratación deberá solicitar informe previo a la autoridad de defensa de la competencia correspondiente para que se pronuncie sobre la apreciación de dicha circunstancia.*
- b) *El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente.*

*En el presente contrato se estima que la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultaría la correcta ejecución del mismo tanto desde el punto de vista técnico como para la correcta ejecución de las distintas prestaciones que lo integran, como son las siguientes:*

- *Prestación P1, gestión energética, suministro de energía eléctrica a alumbrado público.*
- *Prestación P2, mantenimiento de las instalaciones de alumbrado público.*
- *Prestación P3, garantía total, reparación con sustitución de elementos de alumbrado público.*
- *Prestación P4, actuaciones de mejora y renovación de las instalaciones alumbrado público.*
- *Prestación P5, alumbrado navideño, instalación y mantenimiento de alumbrado con motivo de fiestas.*

*Dichas prestaciones implican la necesidad de coordinar la ejecución de las distintas prestaciones, y si se diviese en lotes el contrato, desde el punto de vista de la ejecución del mismo, tendríamos a una pluralidad de contratistas diferentes, lo que podría originar problemas, tanto para su coordinación, como para su prestación, y desde el punto de vista económico se estima que será más beneficioso para el Ayuntamiento la contratación conjunta de todas las prestaciones.*

*Por todo lo anterior se estima justificada la no división en lotes.*

**CONCLUSIÓN**

*Por todo lo anteriormente expuesto esta Alcaldía considera plenamente justificada la licitación de la concesión integral del servicio de alumbrado público exterior de este Ayuntamiento, la elección del procedimiento, la clasificación y solvencia exigida, la escasez de medios que justifica la licitación del contrato y la no división en lotes, así como todos los requisitos legales exigidos por la LCSP."*

Por todo o anterior elévase a seguinte

**PROPOSTA DA ALCALDÍA****APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)"**

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este órgano entende necesario que se tramite un contrato de "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)".

Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais, no que se informa favorablemete os aspectos técnicos do mesmo, así como a viabilidade da devandita actuación, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación.

Considerando o previsto nos arts. 284 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Vista a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2019.165.227.99, polo importe de do valor estimado do contrato a imputar ao exercicio de 2019.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello.

Vista o expediente da súa razón, en especial o informe de viabilidade económico financeira así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polos que se rexerá o contrato en cuestión

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello.

Visto que, de conformidade co previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, é Pleno o órgano de contratación competente, se ben pola delegación de competencias outorgada polo Pleno á Xunta de Goberno de Local, de data 16-07-2015, será a Xunta de Goberno Local o órgano competente.

Polo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)", non suxeito a regulación harmonizada, e polo importe de 5.432.173,50 euros, correspondentes ao valor estimado do contrato, aos que se deberá repercutir 1.140.756,44 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor engadido, totalizando 6.572.929,94 euros, contía correspondentes aos 15 anos da duración do contrato, sendo a contía de cada unha das anualidades de 362.144,90 euros, sen IVE, e 438.195,32 euros co IVE.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto polo importe de 6.572,929,94 euros, e a imputación da anualidade correspondente a 2019 con cargo á aplicación orzamentaria 2019.165.227.99, do vixente Orzamento de gastos.

**TERCEIRO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas particulares, que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato .

**CUARTO.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato polo procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello aloxado na Plataforma de contratos do Sector Público, para que no prazo de vinteseis días, a contar desde o seguinte ao da súa publicación, os interesados presenten as proposicións que estimen pertinentes.

**2019**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

23-05-2019

## SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN DE GASTOS DE DEFENSA EN PROCEDIMENTOS XUDICIAIS.

Dáse conta da solicitude de indemnización de gastos efectivos de defensa en procedementos xudiciais presentada por D. Xosé Lois García Carballido, alcalde presidente deste concello, presentada no rexistro municipal o día 15-05-2019, número rexistro de entrada 1.646:

*"XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO, DNI 32672607A, con domicilio en Carballido 21, A Graña, 15110 Ponteceso*

### **EXPÓN**

*Primeiro.- Que ten pendente de pagamento as minutas correspondentes a avogados e procuradores, pola defensa xurídica en procedementos penais que a continuación se relacionan:*

#### **Avogados:**

*Gabinete:Antas-Hernández*

*Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 2 de A Coruña, denunciante Cristina Castro Fuentes, 638/2016 e Apelación 326/2017: 1.452,00 euros.*

*Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 1 de Carballo, denunciante María Julia Ures Villar, 615/2016 e Apelación 249/2018: 1.815,00 euros.*

*Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 3 de Carballo, denunciante Cristina Castro Fuentes, 58/2016 e Apelación 1126/2017: 4.114,00 euros.*

*Antas-Hernández-Vento*

*Procedemento: Xulgado de Instrucción núm. 2 de Carballo, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, 150/2017 e 538/2018: 1.210,00 euros.*

*Total asistencia xurídica: 8.591,00 euros.*

#### **Procuradores:**

*Narcisa Buño Vázquez*

*Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 1 de Carballo, denunciante María Julia Ures Villar, 615/2016 e Apelación 249/2018: 147,62 e 161,99 euros.*

*Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 3 de Carballo, denunciante Cristina Castro Fuentes, 58/2016 e Apelación 1126/2017: 228,54 euros*

*Procedemento: Xulgado de Instrucción núm. 2 de Carballo, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, 150/2017 e 538/2018: 121,53 euros.*

*Total procuradores: 659,68 euros*

#### **Total gastos de defensa xurídica e procuradoría: 9.250,68 euros**

*Segundo.- Que as sentenzas firmes recaídas nos precitados procedementos foron absolutorias, sen responsabilidade penal, e todas dimanantes da actividade desenvolvida no exercicio do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ponteceso.*

*Terceiro.- Que o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece no seu apartado 4 "Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo", neste mesmo senso o artigo 13.5 do ROF dispón «Todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo».*

*A xurisprudencia do Tribunal Supremo, Sentenza do 04-02-2002 ditada pola Sección Cuarta da Sala do Contencioso Administrativo, no recurso de casación, delimita a viabilidade do resarcimento dos gastos nos que incorreran as autoridades e funcionarios na defensa de causas penais, sempre e cando se cumpran as seguintes premisas:*

*a) Que foran motivados por unha inculpación que tivera o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables á súa actividade como membro da Corporación ou no cumprimento ou desenvolvemento dos acordos dos órganos da mesma.*



**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

b) *Que a intervención non fora levada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder ou en converxencia con intereses particulares propios dos interesados ou do grupo político ou doutra índole, distintos dos intereses da Corporación.*

c) *Que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal obxectiva de participación ou de coñecemento dos feitos, determinantes da responsabilidade penal ou de coñecemento nos feitos.*

**Cuarto.-** *Nos procedementos xudiciais referenciados declarouse o seu sobreseimento e a inexistencia de ilícito penal, dos cales se xuntan os pronunciamentos recaídos.*

*Por todo o anterior*

**SOLICITO**

*Que consonte ao establecido no art. 745.4 da Lei 7/1985, artigo 13.5 do ROF, e xurisprudencia do TS, se proceda ao pagamento dos gastos de defensa xurídica e procuradoría relacionados anteriormente polo importe total de **9.250,68 euros**.*

*Ponteceso, 15 de maio de 2019.*

*Asdo.: Xosé Lois García Carballido."*

Logo de ver o informe de secretaría de data 15-05-2019 no que se conclúe que a indemnización dos gastos efectuados polo Sr. Alcalde na defensa xurídica dos procedementos xudiciais instruídos nas dilixencias previas 638/2016 e apelación 326/2017, 615/2016 e apelación 249/2018, 58/2016 e apelación 1126/2017, 150/2017 e 538/2018, reúnen as condicións precisas para seren considerados como gastos indemnizables en función do establecido no artigo 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 13.5 do RD 2586/1986, e xurisprudencia do Tribunal Supremo, Sentenzas 18-01-2000, 10-07-2000 e 04-02-2002.

Logo de ver o informe de intervención de data 15-05-2019 no que se conclúe que a indemnización dos gastos de defensa xurídica solicitados polo Sr. Alcalde poden ser considerados polo concello como gastos indemnizables ao abeiro do artigo 75 da Lei 7/1985, sempre que se den os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo na Sentenza de 04-02-2002, sempre que o pagamento dos mesmos sexa a posteriori, comprobada a concurrencia dos requisitos exixidos e que os mesmos sexan efectivos e que haxa xustificación documental, condicións que se cumpren nos gastos solicitados agás nos correspondentes ao procedemento 150/2017 e 538/2018, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, sobre o que recaeu o arquivo da causa pola falta de denuncia previa e a prescripción dos feitos denunciados.

A Xunta de Goberno Local logo de ver toda a documentación que obra no expediente, e ao comprobar que no procedemento 150/2017 e 538/2018, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, a denuncia vai dirixida contra Xosé Lois García Carballido por actuacións realizadas polas funcións atribuídas legalmente na súa condición de alcalde, recaeu o arquivo, non foi levada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder ou en converxencia con intereses particulares, e non se declarou xudicialmente a existencia da responsabilidade penal, nin o seu carácter ilícito, os gastos foron efectivamente pagados e correspóndense coa defensa xurídica do alcalde, polo que estima a procedencia do reintegro dos gastos efectivamente realizados.

Por todo o anterior, sométese a votación a proposta de pagamento, co seguinte resultado

Votos a favor: Un (1), o concelleiro Sr. Penedo.

Votos en contra: -----

Abstencións: Tres (3), os correspondentes ao Sr. Pose, Sra. Vuelta e Sr. Varela.

Polo que a Xunta de Goberno Local, consonte ao establecido no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e no artigo 99.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, ROF, ao ser os votos afirmativos superiores aos negativos, por maioría simple, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar os gastos correspondente á indemnización do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido polo resarcimento dos gastos efectivamente realizados e correspondentes á defensa xudicial nos seguintes procedementos:

**Avogados:**

Gabinete: Antas-Hernández

Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 2 de A Coruña, denunciante Cristina Castro Fuentes, 638/2016 e Apelación 326/2017: 1.452,00 euros.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

#### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 1 de Carballo, denunciante María Julia Ures Villar, 615/2016 e Apelación 249/2018: 1.815,00 euros.

Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 3 de Carballo, denunciante Cristina Castro Fuentes, 58/2016 e Apelación 1126/2017: 4.114,00 euros.

Antas-Hernández-Vento

Procedemento: Xulgado de Instrucción núm. 2 de Carballo, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, 150/2017 e 538/2018: 1.210,00 euros.

Total asistencia xurídica: 8.591,00 euros.

#### Procuradores:

Narcisa Buño Vázquez

Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 1 de Carballo, denunciante María Julia Ures Villar, 615/2016 e Apelación 249/2018: 147,62 e 161,99 euros.

Procedemento.- Xulgado Instrucción núm. 3 de Carballo, denunciante Cristina Castro Fuentes, 58/2016 e Apelación 1126/2017: 228,54 euros

Procedemento: Xulgado de Instrucción núm. 2 de Carballo, denunciante Rubén Pérez Cotelo e outro, 150/2017 e 538/2018: 121,53 euros.

Total procuradores: 659,68 euros

**Total gastos de defensa xurídica e procuradoría: 9.250,68 euros**

**Segundo.-** Proceder ao pagamento dos mesmos pola contía total de 9.250,68 euros, consonte ao anterior desglose.

Antes de pasar ao seguinte punto do orde do día incorpórase ao Salón de Plenos o Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido e preside a sesión.

### PROPOSTA DE ACORDO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE PONTECESO (SAF).

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos de data 23-05-2019, que é do seguinte teor literal:

"Visto o informe da Traballadora Social de 14.03.2019, co visto e praxe da concelleira de Servizos Sociais, onde detalla que o Concello de Ponteceso ten dispoñibles 376 horas/ mes (4.404 horas anuais: 3.082,80 horas normal e 1.321,20 horas fin de semana/festiva) en Dependencia (Xunta de Galicia) e 421,53 horas/ano en libre concorrencia/básica (Deputación provincial da Coruña), así como a lista de espera existente para cada unha das dúas modalidades de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio.

Visto o informe da concelleira de Servizos Sociais de 15.03.2019 no que se fai constar que concorren as razóns de interese público esixidas pola lei de contratos, que os pregos prevén a modificación ata o límite do 20% do prezo de adjudicación e que a modificación proposta non supón incluír prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Visto o informe da traballadora Social de 15.05.2019 e a lista dos usuarios actualizada á mesma data.

Vistos os informes de secretaría e de intervención

En virtude do exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Primeiro.-** Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de conformidade co sinalado pola interventora no seu informe de 16.05.2019, o erro aritmético existente no prezo de adjudicación do contrato, por canto o prezo de adjudicación, excluído o IVE, non é de 431.352,24 € senón de 392.138,40 € tal e como mostra o seguinte detalle:

	Nº HORAS ANUAIS ESTIMADAS SEGÚN PCA (A)	PREZO OFERTADO POR ATENDO CALIDADE S.L. SEN IVE (B)	TOTAL (A * B)
BÁSICA NORMAL	1.512	11,35 €	17.161,20 €
DEPENDENCIA NORMAL	8.880	13,60 €	120.768,00 €
DEPENDENCIA FESTIVA	3.876	15,00 €	58.140,00 €
TOTAL ANUAL			196.069,20 €
PREZO TOTAL CONTRATO ( DURACIÓN 2 AÑOS)			392.138,40 €

**Segundo.-** Aprobar a modificación do contrato correspondente ao Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso nun importe de 72.072,49 € cos efectos iniciais de 01.06.2019.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4) o Sr. Alcalde, Sra. Vuelta, Sr. Pose e Sr. Penedo.

Votos en contra: ---

Abstencións: ----

Polo que a Comisión de Facenda e Asuntos Económicos ditamina favorablemente a proposta de acordo de MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO, POLA AMPLIACIÓN DE HORAS.”

O alcalde somete a votación a proposta de acordo co ditame da Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos co seguinte resultado:

Votos a favor: Cinco (5), a totalidade dos membros da Xunta de Goberno Local.

Votos en contra: ---

Abstencións: ----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, maioría absoluta, acorda:

**Primeiro.-** Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de conformidade co sinalado pola interventora no seu informe de 16.05.2019, o erro aritmético existente no prezo de adjudicación do contrato, por canto o prezo de adjudicación, excluído o IVE, non é de 431.352,24 € senón de 392.138,40 € tal e como mostra o seguinte detalle:

	Nº HORAS ANUAIS ESTIMADAS SEGÚN PCA (A)	PREZO OFERTADO POR ATENDO CALIDADE S.L. SEN IVE (B)	TOTAL (A * B)



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

BÁSICA NORMAL	1.512	11,35 €	17.161,20 €
DEPENDENCIA NORMAL	8.880	13,60 €	120.768,00 €
DEPENDENCIA FESTIVA	3.876	15,00 €	58.140,00 €
TOTAL ANUAL			196.069,20 €
PREZO TOTAL CONTRATO ( DURACIÓN 2 AÑOS)			392.138,40 €

**Segundo.-** Aprobar a modificación do contrato correspondente ao Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso nun importe de 72.072,49 € cos efectos iniciais de 01.06.2019.

XGL 02-09-2019

**DACIÓN DE CONTA DA ADXUDICACIÓN DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL NO RECINTO MUNICIPAL DO PINGUEL (PONTECESO).** Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía núm. 385/2019, de 01/07/2019, 2019/C003/000002, relativo á obra “Construcción dun campo de fútbol no recinto municipal do Pinguel (Ponteceso)” cun valor estimado de 410.628,69 euros e 86.232,02 euros de IVE, totalizando a contía de 496.861,00 euros, procedeuse ao procedemento de licitación o cal, consonte á proposta da mesa de contratación de data 23 de xullo de 2019 ditouse a resolución núm. 462/2019, de 14-08-2019, pola cal se adxudica a obra á empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L., polo prezo ofertado de 351.000 euros e 73.710 euros de IVE, totalizando a contía de 424.710; O prazo de execución é de 31 días naturais e o prazo de garantía da obra será de cinco ano. A adxudicación levou consigo a baixa, e por tanto un aforro para as arcas municipais de 72.151,00 euros. O contrato administrativo asinouse nesta mesma data e agárdase que consonte ao prazo de execución a obra se encontre rematada no mes de outubro.

**DACIÓN DE CONTA DA LICITACIÓN DA OBRA “ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME-PORTO”.** Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía núm. 386/2019, de 01/07/2019, 2019/C003/000003, relativo á obra “Iluminación do campo de fútbol do Cairo en Corme-Porto” cun valor estimado 155.477,98 euros e 32.650,38 euros de IVE, totalizando a contía de 188.129,00 euros, procedeuse ao procedemento de licitación, e rematado o prazo de presentación de ofertas a mesa de contratación observou que dúas empresas incorreron en baixa temeraria nas súas ofertas, polo que consonte ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas procedeuse ao requirimento de xustificación das mesmas a empresas GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L. cunha oferta de 106.829,32 euros (IVE excluído) e MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAÍNO, S.L., cunha oferta de 98.263,90 euros (IVE excluído), en tempo e prazo a primeira destas presentou a súa xustificación, non presentando a segunda, e o técnico municipal emitiu o seu informe no que se conclúe que consonte á xustificación presentada cómpre aceptar a oferta polo importe de 106.829,32 euros. A mesa de contratación reunírase e acordará a súa proposta de adxudicación, sendo polo tanto un aforro considerable para as arcas municipais. O prazo de execución estimado en tres meses reducirase en 45 días segundo a súa proposta, polo que será de 45 días naturais, e o prazo de garantía de 5 anos.

**DACIÓN DE CONTA DA LICITACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN NÚCLEOS DE PAZOS E OUTROS (POS + 2019).** Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía núm. 429/2019, de 22/07/2019, 2019/C003/000004, relativo á obra “Pavimentación de rúas no núcleo de Pazos e outros (POS+2019)”, cun valor estimado 182.947,19 euros e 38.418,91 euros de IVE, totalizando a contía de 221.366,10 euros. O expediente está publicado na Plataforma de Contratación do Estado desde 08-08-2019 e remata o prazo de presentación de ofertas o día 09-09-2019, e a mesa de contratación conta con ter rematado o procedemento a finais de setembro, polo que a obra adxudicárase e iniciárase no mes de



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

outubro. O prazo previsto nos pregos é de 4 meses, e cóntase con que se produza un aforro na licitación, así como no prazo de execución.

**DACIÓN DE CONTA DE CONTRATOS MENORES.** Dáse conta das seguintes resolución de adjudicación de contratos menores celebrados consonte á Lei 9/2017, LCSP, desde a toma de posesión da nova Corporación Municipal o día 15 de xuño de 2019:

- Resolución núm. 394/2019, de 04-07-2019, pola que se adjudica o contrato menor de obras "Instalación dunha marquesina no CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso", polo importe de 17.124,38 euros, IVE incluído, á empresa CARPINTERÍA METÁLICA MARIO ABELENDA TRIGO.
- Resolución núm. 392/2019, de 03-07-2019, pola que se adjudica o contrato menor de subministros "Adquisición de tres furgonetas para obras e servizos", polo importe de 18.146,37 euros, IVE incluído, á empresa ADRIÁN POMBO RIVERA, ARAUTOS.
- Resolución núm. 472/2019, de 19-07-2019, pola que se adjudica o contrato menor de servizos "REDACIÓN DUNHA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE PONTECESO NO ÁMBITO DA APR-D3.2, PARA DAR EXECUCIÓN Á SENTENZA DO TSXG NÚM. 685/29016 E REORDENAR A ZONA", polo importe de 13.310,00 euros, IVE incluído, á empresa FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.
- Resolución 459/2019, de 09-08-2019, pola que se adjudica o contrato menor de subministros "ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO DIDÁCTICO E EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS VARIAS NA ESCOLA INFANTIL GALIÑA AZUL DE PONTECESO COA FIN DE ABRIR UNHA NOVA UNIDADE DE 0-3 ANOS", polo importe de 11.980,82 euros, IVE incluído, á empresa PAZ-DISMAL, S.L.

## PROPOSTA DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS E XESTIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL

A Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a aprobación dunhas normas de obrigado cumprimento para os/as empregados/as públicos/as nas dependencias municipais, para un bo funcionamento da administración.

Considerando o momento no que estamos, suxeitos a un plan económico-financieiro, é importante ter en conta a produtividade nos distintos postos de traballo, para o que se propón a seguinte instrución sobre xestión do persoal municipal:

### INSTRUCCIÓN SOBRE NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA OS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS MUNICIPAIS.

**1ª.-** Esíxese a estrita puntualidade nos horarios de entrada e tamén para as pausas durante o traballo. O traballador ou traballadora con redución de horario, en especial, debe reducir o tempo de pausa. Non se poderá acudir ao supermercado en horario laboral ou a recados, xa que ofrece unha mala imaxe dos empregados públicos e da administración municipal.

**2ª.-** Restricción, ata a total eliminación, do uso do móbil persoal no posto de traballo. Deberase usar o teléfono oficial e o correo electrónico, e abandonar o uso do whatsapp en horas de traballo. A tendencia debe ser a ter o teléfono persoal apagado en horario laboral, fóra da mesa e nunca entrar a entrevistarse noutro despacho ou tratar calquera asunto co teléfono na man ou no peto.

**3ª.-** Os/as empregados/as públicos deberanse centrar non seu traballo durante a xornada efectiva de traballo. As xuntanzas de persoal falando de asuntos privados, apoiados no mostrador, visitando despachos, facendo círculos quedarán totalmente prohibidas. Para iso contéplase a pausa no traballo de 30 minutos, nos casos de xornada completa e o proporcional nos casos de prestación a tempo parcial.





concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

#### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**4ª.-** Non se permitirá o uso dos computadores municipais para fins privados, nin empregar a internet para ver e consultar online temas que non son do traballo, xa que supoñen unha perda da produtividade e dan moi mala imaxe ao público.

**5ª.-** É un dereito e un deber do empregado/a público/a a formación, salientando a administrativa, para que todos os expedientes se tramiten axeitadamente por vía electrónica. Deberanse atender ás recomendacións de Secretaría e de Intervención e non cometer unha vez tras outra os mesmos erros ou omisións na tramitación de expedientes. Se un expediente ten contido económico sempre terá que ter reserva de crédito aprobada e delegalo antes a Intervención para a súa fiscalización. No traballo administrativo é preciso o enfoque, a concentración, e a seriedade. Para ofrecer unha imaxe de calidade no servizo deberase instalar en cada computador un corrector ortográfico e evitar enviar e escribir documentos con erros ortográficos ou omisións. Á parte das formacións presenciais, poderanse facer tamén multitude de cursos formativos en liña.

**6ª.-** Todo o persoal deberá coñecer os antecedentes e as leis básicas así como as ordenanzas municipais de aplicación e considerárase unha falta de rigor o emprego daquelas que xa non se encontren en vigor. Considérase esencial o coñecer o procedemento administrativo básico. Non se poderán delegar expedientes a Secretaría ou a Intervención a 24 horas do remate dun prazo. Deberase traballar con previsión e planeamento, e deberase ter en conta que o prazo para emitir un informe de trámite son dez días hábiles, polo que todos os servizos deberán colaborar no cumprimento dos prazos, e facilitar o traballo e a planificación do Goberno Municipal.

**7ª.-** Deberanse cumprir as normas de cortesía co público. Na atención ao público polos distintos departamentos deberase facilitar, na medida do posible, unha solución ao interlocutor, derivándoo ao servizo correspondente e ofrecendo unha atención axeitada. Se o empregado/a público/a non ten a resposta á demanda do cidadán, solicitaralle o teléfono ou o correo para que a Alcaldía ou concellería correspondente lle dea unha resposta axeitada á súa demanda.

**8ª.-** Os/as empregados/ as públicos/as deberán ler diariamente, a primeira hora do traballo, os resumos do DOG, BOP e outros diarios oficiais relacionadas co seu traballo para ver asuntos de interese para Ponteceso. No caso de atopar unha publicación dunha convocatoria ou anuncio que afecte ao concello, redirixiranse por correo electrónico á Alcaldía.

**9ª.-** Nos casos de ser necesaria a axuda e colaboración para desenvolver o traballo encomendado, ou máis prazo ou asistencia para desenvolver un expediente, poderase pedir esta sempre á Secretaría, á Intervención ou ben á Alcaldía. Tamén estarán dispoñibles os concelleiros e concelleiras do Goberno, no exercicio das súas áreas. Os expedientes de cada departamento deberanse tramitar electronicamente, e non se poderá deixar un expediente inconcluso.

**10ª.-** Con respecto ás vacacións e aos asuntos persoais, previa a súa solicitude, deberase contar coa Intervención, Secretaría ou a Xefatura da Unidade Administrativa, ou cos concelleiros delegados de cada área, e empregar sempre o rexistro para coordinar con tempo suficiente e que non queden descubertos os servizos. O período vacacional mínimo será de cinco días hábiles. Ao período vacacional non se poderá engadir o desfrute de asuntos propios. As vacacións solicitaranse para cada ano natural antes do 31 de marzo, para elaborar o seu calendario. A súa concesión producirase por silencio administrativo, agás nos casos de denegación por razón do servizo. O período vacacional disfrutárase, preferentemente, dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro, quince días a escoller polo persoal en xullo ou agosto, no seu caso, e a outra metade en xuño, setembro ou fóra deste período. No caso de se solicitar o mesmo período por dous ou máis empregados, terán preferencia os que teñan fillos menores de 12 anos ao seu cargo, ascendentes, discapacitados/as ou vítimas de violencia de xénero. A data límite para o goce do período vacacional anual será o 31 de xaneiro do ano seguinte, agás nos casos legalmente admisibles.

**11ª.-** Os días de asuntos propios están sempre condicionados ás necesidades do servizo. Non se poderán usar para alongar o período vacacional. As ausencias por citas médicas, acompañamento de familiares que convivan co interesado, e para outros asuntos que supoñen o cumprimento dun deber inexcusable, deberán xustificarse e a súa solicitude deberá facerse coa antelación suficiente para non causar desatención dos

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

servizos. A data límite para o goce de días de asuntos propios dun ano natural será o 31 de xaneiro do ano seguinte. Os asuntos propios deben pedirse cunha antelación mínima de tres días hábiles, por rexistro, e os traballadores e traballadoras poderán e deberán ser os primeiros en usar a sede telemática municipal.

**12ª.-**A Xunta de Goberno Local avaliará periodicamente o cumprimento desta instrución. Os incumprimentos ás instrucións levarán consigo a posible instrución dun expediente disciplinario, consonte ao establecido nos artigos 93 e seguintes do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais lexislación complementaria de aplicación.

O Sr. Alcalde pregunta aos concelleiros/as presentes se desexan someter á Xunta de Goberno Local algún asunto que non teña cabida no seguinte punto de Rogos e Preguntas, manifestando os presentes que non teñen ningún, polo que pásase a tratar o seguinte punto.

**XGL 07-10-2019**

**DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA “ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO EN CORME-PORTO”.** Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía núm. 386/2019, de 01/07/2019, 2019/C003/000003, relativo á obra “Iluminación do campo de fútbol do Cairo en Corme-Porto” cun valor estimado 155.477,98 euros e 32.650,38 euros de IVE, totalizando a contía de 188.129,00 euros, procedeuse ao procedemento de licitación, e rematado o mesmo coa proposta de adxudicación á empresa GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L. cunha oferta de 106.829,32 euros (IVE excluído) e 129.263,48 euros co IVE. e MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAÍNO, S.L., cunha oferta de 98.263,90 euros (IVE excluído). O aforro nesta licitación é de 58.865,52 euros, e tendo en conta que esta obra se financia íntegramente con recursos municipais, considérase que aparte do cumprimento primordial que é o de contar cunha instalación deportiva en perfectas condicións de iluminación o aforro é considerable e nutrirá por medio da súa economía os resultados do Orzamento Municipal de 2019. Neste intre estáse á espera da presentación da documentación requirida para a formalización do contrato, asinar a acta de reformulo, aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e iniciala para que a súa execución se realice en prazo e dispoñer da importante mellora que supón para a práctica deportiva en Corme.

**DACIÓN DE CONTA DA LICITACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN NÚCLEOS DE PAZOS E OUTROS (POS + 2019).** Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía núm. 429/2019, de 22/07/2019, 2019/C003/000004, relativo á obra “Pavimentación de rúas no núcleo de Pazos e outros (POS+2019)”, cun valor estimado 182.947,19 euros e 38.418,91 euros de IVE, totalizando a contía de 221.366,10 euros. Rematado o expediente de contratación coa proposta de adxudicación a prol da empresa BARNACLE polo importe de 141.857,25 euros (IVE excluído), 171.647, 27 euros co IVE. Neste intre estáse á espera da presentación da documentación requirida á empresa para a formalización do contrato, estáse á espera da presentación da documentación requirida para a formalización do contrato, asinar a acta de reformulo, aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e iniciala para que a súa execución se realice en prazo. O aforro na licitación é de 49.718,83 euros, os cales nutrirán o financiamento doutros plans da Deputación da Coruña.

**DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE LICITACIÓN DE “SUBMINISTRO DE DOUS VEHÍCULOS HÍBRIDOS 4X4, UN NOVO E OUTRO USADO”.**-Dáse conta do expediente de contratación aprobado pola resolución da alcaldía de 12-09-2019 para o “Subministro de dous vehículos híbridos 4x4, un novo e outro usado”, expediente núm. 2019/C005/000002, cun valor estimado de 52.455,37 euros, , aos que se deberá repercutir o IVE no caso de vehículo novo e IVE ou ITP no usado, calculado o IVE ao tipo xeral do 21 por cento


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

ascende a contía de 11.015,63, totalizando 63.471,00 euros. Neste intre rematado o procedemento coa proposta de adxudicación da mesa a favor da empresa Breogán Motor SL no prezo de 49.366,95 euros, aos que se engadirá o IVE de 10.367,05 euros, totalizando 59.734,00 euros, producindo un aforro de 3.737 euros. Neste intre estase á espera da presentación da documentación pola parte da adxudicataria para a formalización do contrato e entrega inmediata dos dous vehículos adxudicados. Financiarase con cargo á ORDE do 17 de decembro de 2018 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. O obxecto do contrato é o subministro de dous vehículos híbridos tipo SUV para a función ambiental deste Concello co correspondente equipamento e suporá unha importante mellora para a realización de traballos e servizos relacionados co medioambiente natural.

**DACIÓN DE CONTA DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR “INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PADEL EN CORME”.-** Este Concello ten asinado un convenio de cooperación coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a instalación dunha pista de pádel en Corme, nunha zona deportiva que é unha zona municipal referente en canto a volumen de utilización por parte dos veciños o que mellorará o seu uso pola veciñanza. Para tal fin o enxeñeiro técnico de obras públicas, Manuel Xácome Mariño Valencia, elaborou un proxecto técnico para a súa construción valorado en 36.321,28 €, cantidade que achegará a Secretaría Xeral para o Deporte. Logo da tramitación do expediente de contratación, expte. Núm. 2019/C002/000018, promovido pola Concellería de Turismo, Deporte, Festexos e Dinamización Económica como contrato menor de obra adxudicouse pola resolución da alcaldía de data 24-09-2019 á empresa Narón Servicios de Medioambiente SL no prezo de 36.200,30 euros, e cun prazo de execución dun mes. A obra estará rematada ao longo deste mes de outubro e suporá unha importante mellora na infraestrutura deportiva municipal.

**DACIÓN DE CONTA DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR “INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE CALISTENIA EN CORME”.-** Pola Concellería de Turismo, Deporte, Festexos e Dinamización Económica promoveuse o contrato menor “Instalación dunha pista de Calistenia en Corme”, o Concello ten asinado un convenio de cooperación coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a instalación dunha pista de calistenia en Corme, nunha zona deportiva que é unha zona municipal referente en canto a volume de utilización por parte dos veciños o que mellorará o seu uso pola veciñanza. Para tal fin o enxeñeiro técnico de obras públicas, Manuel Xácome Mariño Valencia, elaborou un proxecto técnico para a súa construción valorado en 11.933,48 €, cantidade que achegará a Secretaría Xeral para o Deporte. Tramitado o expediente núm. 2019/C002/000019, adxudicouse pola resolución do 24-09-2019, número 550/2019, á empresa Contorna Técnicas Construtivas SL no prezo de 11.812,50 euros, IVE incluído, o prazo de execución será de un mes, e cóntase que a obra poida rematarse dentro do mes de outubro, e xunto coa pista de pádel suporá outra mellora nas infraestruturas deportivas municipais ao servizo dos veciños.

**INFORMACIÓN DO ESTADO DA EMERXENCIA PROVOCADA POLO SUBMINISTRO DE AUGA EN CORME. SITUACIÓN DE ALERTA EPIDEMIOLÓXICA.**

Antes da actual crise sanitaria e estado de alerta polo COVID-19, Ponteceso tivo unha importante crise sanitaria en Corme a finais de 2019, a cal consumiu recursos, horas e horas de traballo, e segue na actualidade.

**1. ANTECEDENTES.**

O Concello de Ponteceso ten coñecemento dos brotes de gastroenterite en Corme-Porto ás 11 horas da mañá do luns 23 de setembro de 2019 por medio de comunicacións dos propios veciños.

Perante este problema a primeira medida da Alcaldía é coprobar que non hai ningún aviso nin comunicación por parte da Xunta, e deseguido chama á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e unha hora máis tarde o Xefe do Servizo de Riscos Ambientais chama ao concello e aconsella ao Alcalde advertir á vecindade que non se consuma a auga do abastecemento en Corme. debido á alerta

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

epidemiolóxica emitida pola Xunta na tarde-noite do domingo 22 de setembro, polos abundantes casos clínicos de gastroenterite nas urxencias.

Coa prioridade absoluta de protexer a poboación, o Alcalde ordea a Protección Civil e Policía Local advertir á poboación de Corme Porto que non beba auga da traída, e para garantir o consumo de auga, encarga 25 palés de 142 garrafas de 5 litros de auga, pónse en contacto coa concesionaria do servizo, Espina y Delfín S.L. e solicítalles que garantan a salubridade da auga da traída antes do mércores 25 de setembro ás 09hs, e que remita os resultados das últimas análíticas realizadas. Ás 17hs comeza o reparto de auga por todos os domicilios de Corme Porto, poñendo todos o s medios humanos con que conta o concello, tanto para distribución de auga, como de apoio ao per

Os días 24, 25 e 26 de setembro a concesionaria realiza varias actuacións na rede municipal co gallo de dar coa orixe do problema sanitario. O día 27, despois dos alarmantes resultados das análíticas da Xunta, a concesionaria desplaza a Corme varios equipos humanos e medios técnicos con cámaras robotizadas. O persoal técnico da concesionaria traballa venres, sábado e domingo, e levan a cabo novas actuacións, despois das recollidas de mostras para a súa análise e á vista dos seus resultados, para poder atallar o antes posible o problema sanitario. O concello desde o primeiro momento puxo a dispor dos veciños todos os medios técnicos e humanos para tratar de paliar e solucionar o problema sanitario, e así por medio do laboratorio Uriker desde o día 23 de setembro, día que como se dicía con anterioridade tivo o primeiro coñecemento do brote, leváronse a cabo as tomas para as análíticas, independentes das que estaba a realizar a Consellería de Sanidade e a empresa adjudicataria. Esta mesma empresa, Uriker, xa fixera traballos na época estival, axudandonos a suprimir focos de contaminación na auga de baño en Corme e estivo diariamente en Ponteceso durante toda a crise e segue a traballar, xa que terá que entregar un informe final o día 8 de outubro de 2019 coas conclusións finais.

As análíticas realizadas teñen un tempo de tratamento de alomenos 4 días para poder dar a coñecer os resultados, así ata o día 27 non se remiten pola Consellería de Sanidade as análíticas realizadas durante a primeira semana, e á vista das mesmas a alcaldía procede a transmitir a recomendación da mesma de non usar a auga tanto para a inxesta como para a manipulación de alimentos, e as realizadas durante a semana do 30 de setembro non se coñecen ata o venres día 4 de outubro e cos resultados das mesmas a Consellería remata a alerta epidemiolóxica e polo tanto da recomendación do uso da auga da rede de abastecemento en Corme.

No caso do contrato coa adjudicataria Espina y Delfín SL nos encontramos hai catro anos cun contrato vencido, se ben a situación económica e administrativa do concello levaba ao goberno á paralise, cunha situación económica de asfisia, cunha ausencia total de contratos e de gastos executados sen procedemento e sen sustento orzamentario, isto marcou os primeiros dous anos do goberno tripartito. A área de Obras e Infraestruturas estaba delegada ao concelleiro de APIN, o cal levaba entre outros a xestión da licitación do ciclo integral da auga e do alumeado público. Cando xa se dispoñía dos pregos correspondentes para a licitación entrou en vigo a nova lei de contratos, a Lei 9/2017, o que obrigaba a adaptar os pregos existentes á nova normativa. A empresa elexida pola concelleiro de APIN, Alteiro Ingeniería, de León, a cal percibiu 18.000 euros polo traballo previo, era a que tiña que sacar adiante os mesmos. O 1 de febreiro de 2018 iniciouse pola providencia da alcaldía o expediente de contratación, sendo necesario como paso previo dirixirse ás empresas, como operadores económicas, para establecer a estrutura de custos do servizo, e posteriormente solicitar á Consellería de Facenda o informe da estrutura de custos do contrato do servizo municipal do ciclo da auga de Ponteceso, o cal foi emitido na data de 12 de febreiro de 2019. Pois ben, nese intre polo concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas considerouse máis urxente o levar a cabo a licitación do servizo de alumeado, o cal foi paralizado pola resolución do Tribunal da Xunta de Galicia, TACGAL, causando sorpresa cando meses despois APIN presentaba no seu programa electoral a municipalización do servizo integral da auga e saneamento, cando xa se levaban gastados 18.000 euros e inicados os trámites para o inicio da licitación. Isto non supón que o actual goberno local de Ponteceso teña olvidado este tema, senón o contrario, a problemática da alerta epidemiolóxica de Corme vai acelerar o proceso, e así o Goberno Local manifesta o compromiso de ter iniciado o procedemento de licitación en seis meses.

**2. TRANSPARENCIA INFORMATIVA.**

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

O concello levou a cabo unha política de transparencia publicando na web municipal canto informe, escrito de sanidade e demais documentos como analíticas da concesionaria, tiña ao seu dispor.

O mércores 25 a concesionaria enviou unhas analíticas que parecían favorables, o Concello ao igual que as anteriores publicounas tamén na web en aras da transparencia. Nembargantes, posteriormente as analíticas da Xunta dan resultados moi alarmantes en varios puntos, e o concello volve a publicalas e anunciar novamente que non se consuma a auga da traída, e continúa co reparto de auga a tódolos vecinos de Corme, así o xoves 26 de setembro chegaron outros 7 palés de auga con 142 garrafas de 5lts, e repetiuse o reparto, á espera dos resultados de Sanidade, e continuos eco reparto de auga, e o venres 27 de setembro recibíronse outros 15 palés de auga para garantir o consumo de auga á poboación. E todas e cada unha das novas, analíticas, comunicación da propia Consellería, etc, publicáronse na web, así ata o levantamento da alerta o día 4 de outubro.

**3. CAUSAS DA ORIXE DA CONTAMINACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

O día 30 de setembro a concesionaria Espina y Delfín S.L. emite un informe no que se conclúe a localización da orixe da contaminación da rede de abastecemento de auga, sita no tanque de tormentas de Corme-Porto, reservorio construído para almacenar a auga residual xerada polas vivendas, ademais das augas pluviais, para o seu posterior envío mediante bombas sumerxibles á EDAR de Corme para súa depuración. No seu informe determínase a existencia dunha tubería de impulsión do bombeo de augas residuais, que xestiona outra empresa allea á concesionaria, a cal manifesta que empregan a auga do abastecemento para a limpeza da instalación e para o desatasque e limpeza da tubería do saneamento, por medio da impulsión da auga residual por medio dunha máquina de alta presión. Constatase a usencia da obrigatoria válvula de seguridade que impida o retorno de auga residual e a súa masiva incorporación á rede de abastecemento de auga nos supostos da diminución da presión no sistema da rede de abastecemento.

A concesionaria propón unha serie de medidas correctoras, as cales se consensúan co concello, e que consisten na inmediata desconexión da acometida á rede de abastecemento e corte do subministro de auga da rede de abastecemento á referida instalación. Por outra banda o concello require á empresa responsable do mantemento da estación de bombeo e tanque de tormentas para que proceda á urxente eliminación e retirada dos accesorios instalados na tubería de impulsión das augas residuais da EDAR de Corme. A concesionaria procede á limpeza química da rede en Corme para eliminar calquera rastro que puidera quedar de contaminación.

